(di)
documentos & informes
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

CARMEN PÉREZ PAIS
MARIAM MARIÑO COSTALES

Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia

Carmen Pérez Pais

Doutora en Filosofía e Letras (Sección Historia) pola Universidad Complutense de Madrid. Diploma de posgrao en Biblioteconomía e Documentación polo Centro de Estudios Bibliográficos y Documentarios do Ministerio de Cultura. Funcionaria en excedencia do Corpo Facultativo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Arqueólogos.

Na actualidade, é profesora titular da Universidade da Coruña, membro da Comisión de Mestrado e Doutoramento e da Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos da UDC, pertence ao Grupo de Investigación da Universidade da Coruña Herdanza da Ilustración e forma parte da Comisión de Igualdade do CCG.

Centra a súa investigación nos ámbitos da Bibliografía e fontes de información, Historia da prensa e do libro, Biblioteconomía, Estudos de xénero e, máis recentemente, na Internet.

Combinou o seu labor profesional, docente e investigador con cargos académicos e presenza en asociacións e comisións: vicedecana da Facultade de Humanidades da UDC (2005-2009) e directora da Cátedra Jorge Juan (curso 2009-2010). Participou en procesos de certificación e avaliación (Bibliotecas universitarias españolas, Titulación da Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación da UDC, Servizo de Biblioteca da UDC). Foi secretaria e vogal da rama de Bibliotecas de ANABAD-Galicia e presidenta do Comité do X Congreso do Capítulo Español de ISKO.

Mariam Mariño Costales

Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación e Máster Universitario en Educación, Xénero e Igualdade pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desde 2005 desempeña labores técnicas e de documentación para a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega.

A súa actividade investigadora, iniciada en 1993 no ámbito da antropoloxía social, enmárcase máis concretamente no campo da antropoloxía feminista. Os seus temas de traballo son: exclusión e discriminación social, sexualidade, espazo, sexo/xénero, feminismos, redes sociais e construción de identidades.

Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia

Edita
© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2013
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Proxecto gráfico
Imago Mundi Deseño

Imprime e maqueta
Litosprint

Depósito Legal: C 539-2013

ISBN 978-84-92923-45-8

CARMEN PÉREZ PAIS
MARIAM MARIÑO COSTALES

Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

(d i)
documentos & informes

Agradecementos

A Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega quere, desde estas páxinas, mostrar o seu agradecemento a todas as persoas, entidades, grupos e organizacións que dunha maneira ou doutra contribuíron a que o proxecto de *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* se convertese na realidade que é hoxe. Achegando doazóns de documentos, materiais e publicacións relacionadas, asesorando, proporcionando información relevante para o proxecto, permitindo a realización de prospeccións nos seus fondos, colaborando na organización de materiais… Máis concretamente a:

Andaina. Revista galega de pensamento feminista,
Festa da Palabra Silenciada,
culturagalega.org,

Central Intersindical Galega-Vigo, Centre Dona i Literatura, Centro de Investigacións Feminista e de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela, Comisións Obreiras-Vigo, Concellaría da Muller do Concello de Vigo, Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña, Fundación 10 de Marzo, Fundación Luís Tilve, Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, Mulheres Nacionalistas Galegas,

Rosa Aneiros, Rosario Álvarez Blanco, Rosa María Andrieu Sanz, Milagros Becerra, Carmen Blanco, Carmen Bouzas Caamaño, Daniel Buján Núñez, Mercedes Cabello Martín, María Dolores Cabrera, Lourdes Díaz Sánchez, María Jesús Díaz Sánchez, Uxío-Breogán Diéguez, Javier Docampo Capilla, Felicia Estévez Salazar, Eliseo Fernández Arias, Aurora Fernández Díaz, Lola Ferreiro Díaz, Pilar García Moreno, M.ª José Gimeno Álvarez, Susana Guitar Novo, Pilar García Negro, Irene Gómez, Laura González-Garcés Santiso, Germám Hermida, Jose Lens, Pedro López Gómez, Olimpia López Rodríguez, Isaac Loureiro Hermida, Ester Mariño Costales, Aurelio Martín Nájera, Clara Martíns, Susana Mayo, Lourdes Méndez Pérez, Manuel Mera, Rosa Michelena, María José Moldes Pose, Teresa Navarro Quinteiro, Tereixa Novo Arrojo, Luísa Ocampo Pereira, Elena Orois Fernández, María Pita Ponte, María Dolores Pereira Oliveira, Xosé Palmeiro, Teresa Pérez, Beatriz Pérez Mosquera, Pilar Pérez Rey, Carmen Porta Losada, Patricia Porto Paderne, María Xosé Queizán, Gabriel Quiroga Barro, Rita M.ª Radl Philipp, Victoria Ramos Bello, Xabier Ramos Vieiro, Paula Ríos Curbeira, Corona Rodríguez, Elena Rodríguez, Ana María Rodríguez González, María Lorena Rodríguez Rodríguez, Fuensanta Salvador, Prudencia Santasmariñas Raposo, Nanina Santos Castroviejo, María José Sola Sarabia, Anxos Sumai, Begoña Tajes, María José Turrión García, Concepción Varela Orol, Helena Vilela, Prudencio Viveiro Mogo.

documentos & informes

Índice

12 Presentación

14 Siglas empregadas

17 1. O Consello da Cultura Galega e a Comisión de Igualdade

21 2. Liñas de actuación da Comisión de Igualdade e orixe do informe para a *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*
2.1. Propostas, servizos e actividades de carácter interno
2.2. Propostas, servizos e actividades de carácter externo

29 3. Fases do proxecto
3.1. *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*. Primeira fase: 2005-2008
3.2. Consolidación das liñas de traballo do informe para a *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*. Segunda fase: 2008-2010
3.2.1. Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade da Coruña para a recuperación de documentación do Movemento Feminista Galego
3.2.1.1. Obxecto de estudo
3.2.1.2. Obxectivos
3.2.1.3. Técnicas
3.2.2. Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega para a realización de prácticas do alumnado do Máster Oficial en Educación, Xénero e Igualdade
3.2.3. Convenio de doazón entre o Consello da Cultura Galega e o Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín
3.3. Clasificación e ordenación da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*. Terceira fase: 2011-2012

43 4. Sobre os resultados
4.1. Identificación de organizacións e fontes documentais
4.1.1. Identificación de grupos, colectivos, organizacións e librarías de mulleres
4.1.2. Identificación de fontes bibliográficas e documentais
4.2. Procedementos de adquisición de documentos
4.2.1. As doazóns

4.3. Tipoloxía documental
4.3.1. Revistas
4.3.2. Carteis
4.3.3. Pancartas ou faixas
4.3.4. Recortes de prensa
4.3.5. Gravacións sonoras
4.4. Entrevistas e fichas para bases de datos
4.4.1. A entrevista como fonte documental
4.4.2. Fichas para directorios e bases de datos

61 5. Sobre *Xénero e documentación II: a recuperación da memoria do movemento feminista*
5.1. Sobre a reunión de traballo
5.2. Sobre a xornada pública

67 6. A modo de conclusión. Propostas de futuro

71 7. Fontes e bibliografía
7.1. Fontes
7.2. Bibliografía xeral
7.3. Bibliografía sobre movemento feminista

79 Anexos
1. Publicacións baleiradas
2. *Álbum de mulleres*
3. Xornais e siglas
4. Pancartas ou faixas
5. Contedores
6. Colectivos, grupos, organizacións e siglas
7. Grupos, colectivos e organizacións obxecto de estudo
8. Enquisa fondos documentais de organizacións, grupos e colectivos feministas
9. Enquisa fondos documentais do Movemento Feminista
10. Entrega materiais doados e autorización de uso
11. Autorización para inventario
12. Carta de agradecemento polo acceso á realización de inventario en arquivos externos
13. Autorización-cesión temporal de documentos
14. Carta agradecemento doazón

15. Esquema de agrupación de documentos e materiais
16. Revistas feministas e de mulleres. Galicia
17. Revistas feministas e de mulleres. Alén Galicia
18. Carteis
19. Ficha recortes prensa
20. Gravacións sonoras
21. Autorización formal de entrevista
22. Guión-entrevista documental persoal
23. Carta agradecemento entrevista
24. Ficha rexistro entrevista
25. Ficha directorio de mulleres feministas
26. Modelo ficha dossier mulleres
27. Ficha directorio de organizacións
28. Ficha directorio institucións documentais
29. Documento de traballo
30. Programa das xornadas

Presentación

Nas páxinas que seguen expóñense os elementos que permiten entender o encadramento deste informe sobre a colección especial *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* (MFOG). Esta é promovida polo Consello da Cultura Galega (CCG) desde mediados de 2005 seguindo as liñas de traballo activadas pola súa Comisión de Igualdade.

O desenvolvemento do pensamento e accións feministas e en xeral, en palabras de Cristina Justo Suárez, «o papel do movemento feminista, foi fundamental para acadar logros sociais e políticos para as mulleres e a sociedade, desde o dereito ao voto ou a educación ata, por exemplo, leis de igualdade ou de violencia de xénero» (2009). Máis concretamente, a emerxencia de grupos e colectivos feministas de terceira onda (segunda metade de século XX) resulta de interese fundamental á hora de entender e explicar as transformacións cualitativas e cuantitativas máis actuais e relacionadas co lugar social ocupado polas mulleres no decorrer da historia galega e universal. No caso galego, son moitas as organizacións de mulleres en agrupacións autónomas e mixtas que apareceron e desapareceron ao longo dos anos, e produciron materiais de diferente tipoloxía: estudos, documentación interna, cartas, revistas, boletíns, cadernos, libros, axendas, propostas lexislativas, literatura gris, etc. A importancia dos materiais e documentos creados é indiscutible, mais a bibliografía, a pesar de experimentar importantes incrementos nos últimos anos, segue a ser escasa, e a documentación está dispersa e, con frecuencia, desaparecida ou en estado ruinoso.

Para a Comisión de Igualdade do CCG, a recuperación de fondos e da memoria do movemento feminista de terceira onda emerxe como unha tarefa que cómpre realizar con certa urxencia e cunha planificación axustada. Sobre esta base desenvólvese o presente proxecto. Trátase de elaborar e expor un informe encamiñado a consolidar unha iniciativa para a reunificación parcial, conservación, posta en valor e difusión da documentación e materiais xerados por diferentes grupos e colectivos identificados co feminismo e que desenvolveron e/ou seguen a desenvolver a súa actividade en Galicia.

No artellamento deste informe acumúlase experiencia. Articúlanse propostas en que se fai necesario combinar diferentes fórmulas de investigación, documentación, arquivísticas e de conservación ou museísticas. Todas elas requiren dunha exhaustiva identificación e localización de fontes e dun deseño axustado de propostas que asenten, faciliten e axilicen o desenvolvemento, a difusión e o uso en investigación da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* do CCG. O informe non se centra tanto nos aspectos técnicos como na concepción que alentou a iniciativa e que foi tomando corpo a medida que se foi plasmando nunha realidade.

Siglas empregadas

SIGLAS	ENTIDADE
10M	Fundación Dez de Marzo
ADMG	Asociación Democrática da Muller de Galicia
AGM-SC	Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela
AGM-V	Asociación Galega da Muller de Vigo
BNE	Biblioteca Nacional de España
BRCM	Biblioteca de la Comunidad de Madrid
BUSC	Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela
BUVIGO	Biblioteca da Universidade de Vigo
CCG	Consello da Cultura Galega
CFD	Coordinadora Feminista Donicela
CFV	Coordinadora Feminista de Vigo
CIG	Confederación Intersindical Galega
CIM	Centros de Información de Mulleres ou da Muller
CSIC	Consejo Superior de Investigaciones Científicas
DL	Depósito Legal
GMU	Grupos de Mulleres da Universidade
IES	Institutos de Ensino Secundario
JAE	Junta para la Ampliación de Estudios
MDMG	Movemento Democrático da Muller Galega
MF	Movemento Feminista
MFG	Movemento Feminista en Galicia
MFOG	Movemento Feminista Organizado en Galicia
MNG	Mulheres Nacionalistas Galegas
SGAI	Servizo Galego de Igualdade
UAB	Universitat Autònoma de Barcelona
UAH	Universidad de Alcalá de Henares
UB	Universitat de Barcelona
UCM	Universidad Complutense de Madrid
UDC	Universidade da Coruña
UGR	Universidad de Granada
UMA	Universidad de Málaga
UPV	Universidad del País Vasco
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UVIGO	Universidade de Vigo

1. O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A COMISIÓN DE IGUALDADE

O Consello da Cultura Galega foi creado conforme o artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia. A Lei do Consello foi aprobada polo Parlamento de Galicia o 8 de xullo de 1983[1]. Réxese por esta Lei e mais polo Regulamento desta, aprobado pola Xunta de Galicia (Decreto 237/2000, do 29 de setembro). Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao CCG compételle a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego. Neste sentido, correspóndelle asesorar os poderes da comunidade autónoma na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar informes e propostas a aqueles con este fin. Na medida das súas posibilidades, o Consello tenta ofrecerlle ao país galego un esquema ben fundamentado das necesidades e das opcións con que conta para forxar a plenitude da súa personalidade mediante a recuperación da cultura propia, aínda que aberta ao diálogo coas outras culturas da humanidade, e especialmente coas do noso contorno europeo e peninsular. As competencias da institución son:

> a) Fomentar a lingua e a cultura galegas en canto creacións orixinais do pobo galego, e entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir, senón como un patrimonio que cada xeración debe arrequentar.
> b) Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, tentando facer accesible a toda a cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos tanto da cultura propia coma da universal.
> c) Analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural galego, nas súas diversas facetas e niveis, atendendo á súa preservación, ao seu estudo, á súa valorización e á súa difusión.
> d) Promover actuacións culturais adecuadas aos seus fins, tales como a organización de congresos, seminarios, conferencias ou exposicións, a creación de grupos de pescuda, reflexión ou debate, o establecemento de arquivos ou centros de documentación, a elaboración de estudos ou informes, ou a realización de publicacións.
> e) Asesorar e consultar os poderes públicos da Comunidade Autónoma, especialmente a Xunta e o Parlamento de Galicia, mais tamén as deputacións e concellos, e outras institucións.
> f) Elevar aos poderes públicos da Comunidade Autónoma informes e propostas a prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos[2].

Desde os seus inicios, o CCG acomete a promoción e difusión da cultura e da historia galega desde diversos ámbitos, para este fin foise dotando de distintas seccións, arquivos e comisións técnicas, que dispoñen de instrumentos que posibilitan a intervención no ámbito cultural no seu conxunto.

Precisamente no seo da Sección de Filosofía e Pensamento, dirixida naquel momento por Andrés Torres Queiruga, a comezos do século XXI, ante a constatación da dificultade á hora de acceder á información sobre as relacións homes-mulleres na cultura galega e ao coñecemento da participación e achegas das mulleres galegas en Galicia e no mundo, por parte da cidadanía en xeral e de quen ten un interese investigador dentro e fóra de Galicia, abriuse un proceso de reflexión. Pensouse en iniciar unha liña de actuación dentro do CCG que contribuíse á visi-

[1] Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 102, do 19 de agosto de 1983). Dispoñible en: http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/lei_ccg.pdf [consulta: 8 xuño 2012].

[2] Información procedente da páxina oficial do CCG. Dispoñible en: http://www.consellodacultura.org/paxina.php?id=530 [consulta: 8 de xuño de 2012].

bilización das mulleres e as súas producións, incorporando o enfoque de xénero. Entendendo que xénero remite «á organización social das relacións entre sexos» e as súas especificidades históricas, culturais, sociais, étnicas e de clase; que este enfoque non é reducible á ecuación xénero = muller, nin á simple descrición do que fan as mulleres; que aglutina unha parte importante das investigacións actuais e que constitúe a base sobre a que as institucións elaboran programas e medidas para corrixir as desigualdades entre sexos. Considerouse pertinente, polo tanto, que a institución contase cunha Comisión de Xénero.

Tratábase de aplicar este enfoque a todo o relativo á cultura e á realidade social vivida por mulleres e homes en Galicia, dando conta dos significados de «ser muller» e «ser home» a través da súa presenza nos estudos histórico-antropolóxicos e atendendo á noción de cultura na que se sustentan; iniciando traballos que fagan posible que unha institución como o CCG contribúa á incorporación plena das mulleres na historia, na ciencia, na arte, nos medios de comunicación, nas formas de fala, na Galicia interior e na exterior…; e poñendo a disposición informes, recursos e materiais que non asuman representacións tópicas, idealizadas ou ideoloxizadas da «muller galega» e que reflictan as realidades plurais vividas polas mulleres galegas.

Froito deste proceso de reflexión, o 24 de febreiro de 2005 constituíuse a Comisión Técnica de Xénero, adscrita á Sección de Filosofía e Pensamento, tendo como coordinador a Andrés Torres Queiruga e contando con mulleres pertencentes a distintas seccións e arquivos do CCG e outras estudosas do enfoque de xénero. María Xosé Agra Romero asumiu a dirección da Comisión, que tiña como membros a Carme Adán Vilamarín, Pilar Cagiao Vila, Encarna Otero Cepeda, Carmen Pérez Pais, Ana Romaní Blanco, María Luísa Sobrino Manzanares, Carme Vidal Lage e Dolores Vilavedra Fernández.

A Comisión Técnica de Xénero do CCG tiña carácter non permanente e desenvolveu a súa actividade ata maio de 2007. Nese momento, viuse a necesidade de conformar unha Comisión permanente, que levase a cabo traballos de forma transversal, e máis axeitados ás necesidades e obxectivos do propio CCG. Isto tivo como resultado que o 12 de xuño de 2007 se constituíse a actual Comisión de Igualdade con carácter permanente, non adscrita a ningunha sección e dependente da Presidencia e da Comisión Executiva do CCG. En 2012 a composición da Comisión de Igualdade é a que segue:

Coordinadora:

María Xosé Agra Romero

Membros:

Pascuala Campos de Michelena
Narciso de Gabriel Fernández
Aurora Marco López
Encarna Otero Cepeda
Carmen Pérez Pais
Ana Romaní Blanco
Carme Vidal Lage
Dolores Vilavedra Fernández

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE IGUALDADE E ORIXE DO INFORME PARA A RECUPERACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E MEMORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA ORGANIZADO EN GALICIA

A actual Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega dá continuidade á liña de traballo iniciada na institución pola Comisión Técnica de Xénero. A base fundamental das súas actuacións consiste en facer visibles e promover a presenza e achegas das mulleres á cultura galega dentro e fóra da propia institución.

As investigacións de xénero e/ou feministas que se veñen realizando desde os anos sesenta do século XX están influenciadas polo desenvolvemento de grupos e colectivos feministas. Tanto nas prácticas colectivas como no pensamento feminista, emerxen novas preguntas, críticas e conceptos, estudos e perspectivas de análise antes non existentes e que na actualidade chegan a influír na maioría das áreas de investigación social e cultural e nas axendas das políticas públicas. Cualitativa e cuantitativamente falando, no que toca ás investigacións sobre mulleres e aos estudos feministas, destacan as producións procedentes de América do Norte e Europa. A raíz destas, acúñase, sobre todo no mundo anglosaxón, a expresión «estudos de xénero». Grazas ás correntes de análise iniciadas desde estas perspectivas, estamos asistindo á posibilidade práctica de coñecer e mellorar, cada día un pouco máis, as articulacións, mantenzas e cambios do lugar das mulleres e das relacións entre mulleres e homes e mulleres e mulleres na historia, nas ciencias, na arte, na vida cultural, política e social en xeral.

Como xa se indicou, a Comisión, desde os seus inicios, trata de que o CCG asuma e active vías e medidas que poñan en valor as contribucións das mulleres e dos estudos feministas e/ou de xénero, e se adapte á lexislación vixente nesta materia. Polo tanto, as liñas de actuación da Comisión de Igualdade pódense dividir en dous grandes grupos: propostas e actividades de carácter interno, propostas e actividades de carácter externo e divulgativas.

2.1. PROPOSTAS, SERVIZOS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER INTERNO

Sendo consciente da necesidade de promover cambios na estrutura interna da institución, a Comisión, desde a súa constitución en 2005, dá corpo a recomendacións e vías de transversalización da perspectiva de xénero aplicables ás diferentes actividades, achegas e traballos promovidos polas seccións, arquivos e Plenario do propio CCG[3]. Este, entre os anos 2007 e 2011, incrementou a presenza de mulleres nun 25%.

En liñas xerais, a Comisión de Igualdade está sempre aberta á atención de consultas, dúbidas ou cuestións formuladas por calquera das persoas que forman parte do funcionamento interno do CCG. Neste sentido, outra das liñas de actuación da Comisión centrouse na biblioteca da institución. O uso dos fondos desta biblioteca está preferentemente destinado a todas as persoas que fan parte do CCG (Presidencia, membros do Plenario, seccións,

[3] Atendendo tanto á Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (Capítulo III. A erradicación do uso sexista da linguaxe. Artigo 17º.- Definición do uso non sexista da linguaxe e Artigo 18º.- Erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social) como á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (Artigo 14. Criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos), elabóranse as R*ecomendacións para unha linguaxe non discriminatoria no Consello da Cultura Galega* co obxectivo de seren aplicadas pola institución como unha ferramenta básica de uso interno e de proxección externa.
Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
http://www.xunta.es/Dog/Dog2004.nsf/FichaContenido/1501E?OpenDocument http://www.boe.es/boe/dias/2004/09/21/pdfs/A31571-31580.pdf [consulta: 8 xuño 2012].
Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:
http://www.boe.es/boe/dias/2007/03/23/pdfs/A12611-12645.pdf [consulta: 8 xuño 2012].

arquivos, comisións e persoal traballador…) e a investigadoras e investigadores que así o requiran. En canto ás cuestións de xénero, presentaba algunhas eivas, polo que se tomou a decisión de iniciar tarefas de baleirado de publicacións útiles para as propostas que desenvolver a curto, medio e longo prazo. Ademais, decidiuse abrir unha nova sección temática, incrementando, mediante merca ou doazóns de diferentes persoas e entidades, os volumes referidos á produción de mulleres en publicacións individuais e colectivas, á crítica feminista e/ou de xénero e a materiais que falen da vida das mulleres en xeral e, en concreto, das galegas. Ao mesmo tempo que se incrementan os fondos, increméntase tamén o número de volumes baleirados (Ver Anexo 1. Publicacións baleiradas).

2.2. PROPOSTAS, SERVIZOS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER EXTERNO

A Comisión de Igualdade asume e desenvolve tarefas de atención, asesoramento e presentación de informes, propostas e recomendacións do CCG aos poderes da comunidade autónoma galega[4], ademais intervén en propostas e recomendacións elaboradas conxuntamente coas seccións, comisións e arquivos[5]. Tamén participa e fai propostas aplicables a actividades realizadas ou promovidas polo CCG. Así, son froito da insistencia da Comisión a introdución da variable «sexo» nos informes realizados polo Observatorio da Cultura Galega; o incremento da presenza de mulleres no coñecido actualmente como *Álbum da JAE*[6], creado (baixo a denominación *Álbum da ciencia*) con motivo da declaración de 2007 como Ano da Ciencia; e o incremento de referencias a mulleres no *Álbum da emigración*[7] creado a mediados de 2007. No ano 2008, en consonancia co vinte e cinco aniversario do CCG, a institución deu forma á exposición *Galicia 25. Unha cultura para un novo século. Consello da Cultura Galega (1983-2008)*. A Comisión non esqueceu recomendar a importancia de ter en conta a produción de mulleres en cada unha das áreas en que se dividiu a exposición e definiu Donas de seu, un espazo dentro da exposición dedicado a amosar os cambios e avances socioculturais relacionados coas mulleres galegas nestes últimos vinte e cinco anos.

Noutra liña de actuación, e asumindo as competencias do CCG, a Comisión presta atención a peticións e consultas externas procedentes de persoas concretas, profesorado, investigadoras e investigadores, estudantado de doutoramento e de diferentes entidades e institucións[8]. A atención na sala comézase a desenvolver en 2006 res-

[4] En 2006, atendendo a petición da Comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia, a Comisión de Igualdade do CCG realizou e expuxo un informe a respecto da *Problemática da socialización de nenas e nenos en Galicia*. En 2007, tomando en conta a carencia de materiais encamiñados a promover o uso dunha linguaxe non sexista no sistema educativo, remitiu cartas á secretaria xeral de Igualdade e á secretaria xeral de Política Lingüística. Nelas suxeríuselles que, de forma conxunta, promovesen a adecuación ao galego dos cadernos 3 e 4 da serie «Lenguaje» do Instituto de la Mujer, e que, unha vez realizada, fomentasen a súa difusión nos centros educativos e a súa distribución a través da internet. Tamén en 2007, por requirimento da Secretaría Xeral de Igualdade, elaboráronse alegacións ao Decreto polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia (Decreto 33/2007, de 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia. DOG, n.º 56, 20 de marzo de 2007. Dispoñible en: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070320/AnuncioA0D2_gl.html). En 2008, ao fío da comparecencia da Comisión de Igualdade do CCG na Comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia co tema *Problemática da socialización de nenos e nenas ata a adolescencia*, solicítase á Comisión parlamentaria unha maior colaboración e intercambio de información e formúlase a suxestión de que se poida dispor dun arquivo e acceso en liña con toda a documentación xerada sobre mulleres e xénero no Parlamento. Elaborouse e remitiuse, tamén en 2008, unha proposta de candidaturas para os Premios Nacionais da Cultura Galega. O obxectivo perseguido era que existise, cando menos, unha representación de mulleres en todas e cada unha das categorías.

[5] Así, a Comisión fixo no seu momento a recomendación de que no informe do CCG sobre a Cidade da Cultura de Galicia (2006) se contemplase a creación dun Centro de Documentación específico sobre mulleres e feminismos que centralizase toda a documentación existente no ámbito galego, ou ben unha sección específica dentro dun Centro de Documentación máis amplo.

[6] Dispoñible en: http://www.culturagalega.org/albumdajae/ [consulta: 8 de xuño de 2012].

[7] Dispoñible en: http://www.culturagalega.org/albumdaemigracion/ [consulta: 8 de xuño de 2012].

[8] Ata o de agora atendéronse consultas e requirimentos do Concello de Santiago de Compostela, da Secretaría da Facultade de Filosofía da USC, do International Institute (Madrid-Boston), da Universidad Complutense de Madrid, da directora de Proyectos de Patrimonio Bibliográfico, da revista *Grial*, de Ediciones B, de Iguana Films, do Museo Pedagóxico de Galicia, do Concello de Boiro, da Fundación

pondendo ás solicitudes de profesorado, investigadoras e investigadores que requiren consultar o fondo bibliográfico e de revistas ou a colección especial *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*. Ata o de agora fixeron uso deste servizo un total de quince especialistas. A Comisión atende tamén peticións de asesoramento respecto ao movemento feminista e peticións de reprodución e uso de materiais do *Álbum de mulleres*, do que se fala máis adiante. Estas solicitudes son recibidas por vía telefónica e a través do correo electrónico, e, amais de pór de manifesto a existencia dunha crecente demanda de materiais relacionados coas mulleres e os estudos de xénero e/ou feministas, están servindo polo xeral a diferentes institucións e colectivos como base para a realización de exposicións e publicacións sobre mulleres[9].

Considerando as posibilidades ofrecidas polas tecnoloxías da información e da comunicación, e o incremento de recursos de información fornecidos pola internet con diferentes finalidades (investigación, docencia, administración, sanidade, divulgación, etc.), o día 2 de decembro de 2005 a Comisión de Igualdade presenta o *Álbum de mulleres*, dispoñible en http://www.culturagalega.org/album. Trátase dun proxecto de recuperación e difusión de contribucións das mulleres á cultura, dun exercicio necesario de memoria e recoñecemento. O *Álbum* lévase a cabo coa colaboración do portal *culturagalega.org*. Ten como principais obxectivos recuperar e facilitar progresivamente o acceso á información, datos, voces, imaxes, escritas, traballos e traxectorias de mulleres galegas ou relacionadas con Galicia. Na actualidade, configúrase como un particular centro de documentación dixital que ten a intención de ser de utilidade en dous niveis: un xeral, para ser empregado como fonte de referencias informativas básicas, e outro que, de forma máis concreta, permita o seu uso como unha ferramenta de traballo en ámbitos especializados (investigación, ensino, divulgación…). O *Álbum* tamén é un proxecto aberto a informacións e suxestións. A súa dinámica está a configurar unha rede de contactos entre persoas e entidades cada vez máis ampla, que une os esforzos de especialistas individuais, contribucións de amizades, familiares, estudosas e estudosos das cuestións propostas, persoas, editoriais, revistas, librarías, organismos e institucións posuidoras de materiais (gráficos, musicais, textos, documentos…) que son cedidos para a súa difusión. Constitúese con:

- GALERÍA BIOBIBLIOGRÁFICA, composta por biobibliografías de diferente autoría sobre mulleres e colectivos de mulleres que desenvolveron actividades nos distintos ámbitos especificados: deportivo, artístico, literario/letras, xurídico, político institucional, medios de comunicación, doméstico, relixioso, médico/sanitario, empresarial/profesións liberais, docente, marítimo-agrícola-gandeiro, investigación/científico e acción político-social[10].
- LIÑAS DO TEMPO, que recollen de forma cronolóxica acontecementos e datas relevantes, facendo fincapé nas referencias de e sobre mulleres[11].

Galiza Sempre, da Universidad de Granada, da Casa das Mulleres de Redondela, da Radio Televisión de Galicia, do Centro de Documentación e Recursos Feministas do Concello de Vigo, da UDC, do IES Ramón Cabanillas de Cambados, da Oficina Española de Patentes y Marcas, da Real Academia de Medicina de Santa Cruz de Tenerife, de CIG- Ensino…

9 Ata o momento atendéronse os requirimentos procedentes de: centros de información de mulleres ou da muller, centros galegos no exterior, centros sociais, produtoras de cine, concellos, revistas, editoriais, institutos de ensino secundario, profesorado de primaria, secundaria e universitario, centros cívicos, Servizo Galego de Igualdade, Secretaría Xeral de Igualdade, empresas, persoas interesadas e estudosas das cuestións propostas no *Álbum*.

10 Nas biobibliografías achéganse datos biográficos de mulleres concretas, amósanse as súas relacións e producións e ofrécese bibliografía sobre elas e extras: arquivos sonoros, fotográficos e pictóricos, documentos, textos e comentarios máis e menos recentes e de diferente autoría. En moitos casos, as biobibliografías, segundo se van compilando novos datos e nova información, pasan por un proceso de reedición revisada e ampliada. Hoxe en día, a galería conta con 102 biobibliografías. Dispoñible por orde alfabética en http://www.culturagalega.org/album/listado.php e, por ámbitos de ocupación, en http://www.culturagalega.org/album/actividades.php.

11 Divídese en tres niveis: Galicia, Territorio español e Mundo. Na web pódese visitar nunha forma abreviada e ilustrada. Tamén se abre a posibilidade de descargar unha versión máis completa en PDF, que se titula *As mulleres na historia*. Esta é revisada e ampliada periodicamente a medida que se van recibindo novos datos. Ata o de agora leváronse a cabo oito revisións. Datas de publicación: 02/12/2005, 05/04/2006, 14/11/2006, 19/06/2007, 12/03/2008, 25/02/2009, 26/03/2010 e 15/06/2011. Dispoñibles en http://www.culturagalega.org/album/linhadotempo.php.

- LIGAZÓNS DE INTERESE, agrupadas en vinte e seis categorías que remiten a un total de trescentas dezasete enderezos web[12].
- ESPECIAIS, nos que os temas propostos se expoñen con extensión e profundidade[13].
- XORNADAS, que acolle os diferentes materiais (sonoros, gráficos, fotográficos e textuais) derivados das diferentes xornadas organizadas pola Comisión de Igualdade do CCG, das que se fala máis adiante[14].
- CARTOGRAFÍAS, espazo creado como parte da *liña de actividades anuais arredor dunha muller destacada no ámbito da cultura galega* aberta pola Comisión de Igualdade en 2009. Son publicadas e presentadas os últimos xoves de outubro, ao fío das xornadas anuais das que se fala máis adiante. As cartografías recollen pescudas documentais, fotográficas, hemerográficas, bibliográficas… realizadas en profundidade arredor dunha muller destacada dentro do mundo da cultura, a sociedade, a historia ou a ciencia en Galicia. Publicáronse ata agora as cartografías de: Xohana Torres (2009)[15], María Josefa Wonenburger Planells (2010)[16] e Olga Gallego (2011)[17]. En 2012, e ao fío da xornada *Tereixa Navaza*. *A voz da liberdade* da que se fala despois, presentarase a cartografía desta xornalista.

No Anexo *Álbum de mulleres* pódese acceder a unha listaxe xeral de materiais publicados desde a súa creación cos nomes das autoras, autores e colaboracións que xa forman parte da rede de relacións da Comisión de Igualdade do CCG (Ver Anexo 2. *Álbum de mulleres*).

A organización de xornadas e encontros é iniciada pola Comisión de Igualdade no ano 2007. Seguindo coa filosofía de fondo de encher baleiros no coñecemento da produción e traxectoria de mulleres concretas ou de ámbitos de creación vinculados con estas, organiza e/ou coordina, ben de forma individual ben en colaboración con outras entidades e institucións, a presentación do libro inédito de María Mariño, *Mas allá del tiempo*[18]; a xornada *Ano María Mariño: un balance*[19]; as *xornadas anuais arredor dunha muller destacada no ámbito da cultura galega*, iniciadas en 2009[20] con *Xohana Torres. A dona dos mapas*[21] e seguidas en 2010 por *María Josefa Wonenburger*

12 Estas son revisadas e ampliadas periodicamente. Deste xeito, estase a construír un punto de referencia e acceso á información existente na web, relacionada coas actividades de mulleres en diferentes ámbitos socioculturais. Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/ligazons.php.

13 Os especiais, dispoñibles en http://www.culturagalega.org/album/especiais.php, están suxeitos a revisións anuais. Compóñense de novas achegas, referencias gráficas, sonoras, bibliográficas, publicacións e documentos históricos. Polo de agora publicáronse os seguintes: *8 de marzo, As letras das mulleres, Mulleres e teatro en Galicia, Mulleres e mar, De nenas e de libros, Mulleres e memoria histórica, Mulleres e ciencia en Galicia* e *Mulleres e artes visuais*.

14 Dispoñibles en http://www.culturagalega.org/album/xornadas.php.

15 Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detallecartografia.php?id=202.

16 Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detallecartografia.php?id=214.

17 Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detallecartografia.php?id=232.

18 Articulouse en colaboración con Alvarellos Editora e tivo lugar o 12 de abril de 2007 nas dependencias do CCG.

19 Esta xornada, coordinada por Ana Romaní Blanco, tivo lugar no mes de decembro de 2007. Trátase do ano en que o Día das Letras Galegas foi dedicado a María Mariño. A Comisión de Igualdade do CCG, tendo ben presente que o alcance desta celebración vai máis alá do día 17 de maio, propuxo un encontro para o debate, a análise e a celebración. A escolla de María Mariño permite o acceso a unha obra e a unha autora practicamente descoñecidas. Ao remate do ano cumpría ver se realmente se puido entrar na casa literaria de María Mariño. Tratábase de coñecer máis de preto as características da obra desta autora e as súas crebas. Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=169.

20 Cómpre lembrar que a actividade, amais de contar con esta xornada pública realizada os últimos xoves do mes de outubro, leva asociada unha pescuda documental, fotográfica, hemerográfica e bibliográfica realizada ao longo de todo o ano e que dá corpo á cartografía centrada na figura proposta.

21 A organización da xornada contou coa colaboración do Centre Dona i Literatura e foi coordinada por Ana Romaní Blanco e Helena González. Considerada como un dos nomes máis relevantes da literatura galega contemporánea e autora dun verso convertido en divisa da reivindicación feminista, «Eu tamén navegar», a figura de Xohana Torres tende a ser recoñecida só no ámbito poético e narrativo, existindo porén un gran descoñecemento sobre outros traballos literarios e culturais da escritora que cumpría pór de relevo. A xornada, realizada o día 29 de outubro de 2009 nas dependencias do CCG, propiciou novos enfoques arredor da súa obra poética, narrativa, teatral, investigadora, xornalística e no ámbito da literatura infantil e xuvenil, o que permitiu así resituar e documentar a súa relevancia creativa no contexto cultural desde os anos 50 ata a actualidade. Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=205.

Planells na creación de coñecemento[22], en 2011 por *Mulleres e historia. Olga Gallego Domínguez*[23] e coa proposta Tereixa Navaza. A voz da liberdade para desenvolver neste ano 2012[24]. Uns días antes terá lugar a xornada dedicada a María Zambrano e Rafael Dieste, neste caso a Comisión de Igualdade comparte a coordinación coa Sección de Pensamento e Sociedade do CCG.

O ciclo *Creadoras galegas de Imaxe* ten o seu inicio no ano 2011 e concíbese con carácter itinerante e de permanencia anual. Está pensado para dar a coñecer e difundir propostas e obras audiovisuais de mulleres e contribuír, así, a paliar a falta de información e a invisibilidade existente neste ámbito[25]. O ciclo foi incorporado ao programa Cineuropa 2011[26]. Na actualidade estase a traballar na programación dun novo ciclo que lle dea continuidade a esta liña de actuación. Cóntase para a súa realización coa colaboración da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia.

Remátase falando das xornadas *Xénero e documentación*. A súa primeira edición tivo lugar os días 21 e 22 de xuño de 2007, en colaboración coa Universidade da Coruña (UDC). Tratábase de articular espazos e tempos de aproximación ao tratamento da información desde perspectivas de xénero e feministas, achegando puntos de vista teóricos e prácticas de tratamento documental levadas a cabo dentro e fóra de Galicia[27] e aplicables dentro e fóra da institución. Neste ano 2012 dáselle continuidade a esta liña de traballo coa proposta *Xénero e documentación II: A recuperación da memoria do Movemento Feminista*, que xorde ao fío da liña de actuación da que se fala a continuación e que se atopa no cerne do proceso en que ten lugar o presente informe.

Co título *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*, a Comisión de Igualdade pon en marcha, a partir de decembro de 2005, outra liña de traballo encamiñada a avaliar as posibilidades de recuperación dos materiais producidos por grupos e colectivos feministas en Galicia desde os anos sesenta do século XX. Desde aquela, son moitos os grupos e colectivos de mulleres autónomos e en organizacións mixtas que apareceron e desapareceron ao longo dos anos ata a actualidade, creando materiais de diferentes tipoloxía e carácter: documentación interna, correspondencia, revistas, caderniños, boletíns, libros, axendas, carteis,

---

22 Organizada en colaboración coa USC e a UDC e coordinada por Carme Adán Villamarín e Carme Vidal Lage, a xornada tivo lugar o 27 de outubro nas dependencias do CCG. Esta xornada proporcionou miradas en profundidade e detalle sobre o corpus creativo, investigador e da obra desta matemática e alxebrista de fama mundial. Puxéronse en marcha actividades e análises centradas en promover a traxectoria desta investigadora de influencia indiscutible no avance das matemáticas no século XX. Así mesmo, a xornada permitiu indagar no lugar ocupado polas mulleres galegas no desenvolvemento da investigación científica, coñecer o presente, avaliar o pasado e o futuro das contribucións ao progreso e evolución da ciencia galega e universal.
Dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=238.

23 Organizada en colaboración coa USC e a UDC e coordinada por Carmen Pérez Pais e Concepción Varela Orol, tivo lugar nas dependencias do CCG o 27 de outubro Neste caso tratábase de propiciar un espazo para o estudo e recoñecemento da arquiveira e historiadora Olga Gallego Domínguez, proporcionando reflexións sobre as distintas facetas do seu traballo profesional e investigador. Herdeira da tradición humanista que caracterizou a Arquivística dos séculos XIX e XX, soubo ligala coas expectativas dos novos servizos públicos e transmitirlles ás novas xeracións unha visión en que traballo profesional e investigación van da man. A xornada, a través da figura desta profesional, contribuíu, ademais, a facer visible o labor de tantas mulleres que sostiveron e sosteñen o sistema de arquivos e bibliotecas públicas.

24 A proposta xira arredor do mundo do xornalismo e terá lugar o 25 de outubro nas dependencias do CCG.

25 A primeira edición deste ciclo, organizado pola Comisión de Igualdade e coordinado por Margarita Ledo Andión e Encarna Otero Cepeda, realizouse os días 25, 26 e 27 de abril nas dependencias da Deputación de Lugo. Focalizou a atención na produción de creadoras galegas que traballan nos xéneros cinematográficos de ficción, documental e animación (curta e longametraxe) dando corpo a unha mostra significativa da creación máis actual. Dispoñible en http://www.consellodacultura.org/mediateca/evento.php?id=215.

26 Tivo lugar o mércores 23 de novembro de 2011 na sede da Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín en Santiago de Compostela.

27 A proposta, coordinada por Carmen Pérez Pais e Mariam Mariño Costales, dirixiuse ao persoal que traballa en centros documentais (bibliotecas, arquivos e centros de documentación) e ao estudantado ou titulares nos ámbitos de Biblioteconomía, Documentación e Humanidades. Os materiais producidos arredor das xornadas *Xénero e documentación* foron tratados para levar a cabo unha publicación dixital en soporte CD. Este foi remitido ás e aos asistentes ás xornadas, centros de documentación, bibliotecas e áreas de formación relacionadas. Ademais, está dispoñible en http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/.

folletos, dípticos, gravacións sonoras... A importancia destes materiais é indiscutible, mais en Galicia a bibliografía era escasa, a documentación estaba dispersa ou, con frecuencia, desaparecida ou en estado ruinoso porque, tal e como se puido comprobar en 2005, non se consolidara ningunha iniciativa encamiñada á súa compilación e posta en valor. Para a Comisión de Igualdade, a recuperación destes fondos emerxe como unha tarefa que debe ser desenvolvida de forma ponderada. No que segue, preséntase un informe sobre o proceso levado a cabo ata o de agora dentro do CCG coa intención de que iso sexa posible. Un avance deste informe foi avaliado por olladas expertas o día 26 de xuño de 2012 nun encontro de traballo realizado na biblioteca do CCG, e foi dado a coñecer publicamente o día 27 do mes de xuño na xornada *Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do Movemento Feminista* xa mencionada. No apartado 5 deste informe amplíase a información sobre estes dous eventos.

Cómpre ter en conta que na formulación da proposta *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* se conxugan a experiencia, as redes de contacto das membros que compoñen a Comisión de Igualdade e as propias redes de relacións xeradas arredor da Comisión de Igualdade do CCG na medida en que toman corpo o conxunto das liñas de actuación mencionadas ata o de agora. Estas, tanto se son articuladas para ser aplicadas dentro da institución, como se teñen un carácter máis visible, precisan dun coñecemento e actualización constante de bibliografía e documentación. Isto explica que a maioría das accións activadas estean encamiñadas á identificación, localización, coñecemento, centralización, produción e difusión de bibliografía, documentos, materiais, artigos, recursos web, etc. Trátase de accións imprescindibles para explicar os antecedentes deste informe.

En liñas xerais, as propostas da Comisión de Igualdade do CCG parten dos seguintes presupostos:

1. Os estudos sobre mulleres, feministas e/ou de xénero requiren unha exhaustiva identificación e unha localización de fontes que faciliten o seu desenvolvemento.
2. A invisibilización das mulleres como tales na maioría das fontes (bibliográficas, arquivísticas, etc.) dificulta a identificación de materiais relacionados con elas.
3. Constatación dunha dispersión de información sobre traballos, estudos e materiais relacionados coas perspectivas de análise de xénero, das mulleres e feministas.

Tendo en conta que esta situación tiña e ten que ver en boa medida coa inexistencia dun arquivo ou centro de documentación específico e con que nos arquivos, bibliotecas e centros de documentación existentes normalmente non se atopan indicacións axeitadas que acheguen e faciliten o acceso a datos, as propostas da Comisión de Igualdade do CCG teñen o obxectivo de alertar sobre estas carencias, marcando prazos de avaliación a curto, medio e longo prazo acordes coas necesidades de cada momento, coa filosofía de fondo de ir de menos a máis, pouco a pouco, para que o feito se consolide e perdure.

A proposta que ocupa estas páxinas toma corpo na medida en que a Comisión de Igualdade constata que un dos ámbitos de actividade das mulleres nos que as investigacións feministas e/ou de xénero se están a desenvolver con maior lentitude en Galicia é o que se ocupa da presenza das mulleres nos diferentes movementos sociais e culturais; e que, precisamente, as posibilidades de documentación son máis dificultosas e escasas cando se trata de acceder a información relacionada coa historia de grupos e colectivos feministas con actividade en Galicia, sendo moitos deles descoñecidos. O artellamento deste informe parte do interese e importancia de completar, desenvolver e apoiar a realización de traballos e investigacións neste eido en Galicia.

3. FASES DO PROXECTO

3.1. *RECUPERACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E MEMORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA ORGANIZADO EN GALICIA*. PRIMEIRA FASE: 2005-2008

Coa aprobación pola Executiva do Consello da Cultura Galega no ano 2005 da primeira proposta do proxecto *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*, a Comisión abre, ata comezos de 2008, a primeira fase dunha nova liña de traballo centrada na achega, coñecemento, estudo e análise das posibilidades de recuperación da documentación, de materiais e da memoria do MFOG e da súa posta en valor e uso por investigadoras, investigadores, persoas interesadas e a cidadanía en xeral. Partíase da idea de que en Galicia non se consolidara ningún proxecto destas características. Nesta situación, decídese comezar a avaliar esa intuición e as posibilidades de recuperación de fondos documentais e materiais obxecto de interese. A rede de relacións e contactos xerada nas actividades desenvolvidas pola Comisión de Igualdade do CCG é un importante punto de partida. Abríranse canles polas que paulatinamente se incrementaba a citada rede.

Deuse paso a tarefas para a identificación de organizacións, grupos e colectivos feministas con actividade en Galicia. É necesario realizar pescudas que posibiliten coñecer os materiais xerados polas actividades das mulleres implicadas neles, a súa localización e o seu estado. Para isto foron trazados dous obxectivos prioritarios:

1. Busca, identificación, localización, compilación e estudo de bibliografía relacionada co MFOG e de publicacións periódicas feministas.
2. Toma de contacto e obtención de información sobre a localización dos documentos e materiais producidos por grupos e colectivos con actividade en Galicia.

Ambos os obxectivos compleméntanse no proceso de compilación bibliográfica, documental e de publicacións periódicas feministas iniciado pola Comisión de Igualdade do CCG. Considérase que son un punto de partida axeitado ao se presentar como unha boa fonte de datos para a realización do conxunto das liñas de traballo iniciadas pola Comisión e descritas no anterior apartado. Un mellor aproveitamento dos fondos bibliográficos e hemerográficos levou a iniciar un proceso de baleirado dos xa existentes, que seguiu e segue a ser aplicado aos novos títulos adquiridos pola Comisión de Igualdade do CCG ou recibidos a través de doazóns voluntarias (Ver Anexo 1. Publicacións baleiradas).

Amais de dar a coñecer e divulgar diferentes aspectos relacionados coas mulleres, os feminismos e os estudos de xénero a través de artigos, reportaxes, monográficos e notas, as publicacións periódicas feministas resultan de especial apoio para este proxecto. Polo xeral son promovidas por mulleres implicadas en colectivos feministas ou polos propios grupos e reflicten información de primeira man. É habitual atopar nas súas páxinas novas sobre a creación de grupos, sobre a realización de encontros, xornadas e todo tipo de actividades.

Sábese que a nivel estatal as revistas feministas obxecto de interese para este proxecto comezan a ser editadas na segunda metade de anos setenta do século XX; e que, a nivel galego, este tipo de publicacións emerxen a partir de 1982. Se ben é certo que neste proxecto teñen un interese concreto as revistas producidas por colectivos e grupos feministas con actividade en Galicia, non se perde de vista o feito de que, desde mediados dos setenta do século XX, grupos e colectivos feministas organizados dentro e fóra de Galicia estableceron redes de relacións que, en ocasións, derivaron na articulación de plataformas, coordinadoras e comisións de traballo conxuntas. Isto quere dicir que as revistas feministas editadas noutros puntos do Estado español e noutras áreas xeográ-

ficas poden proporcionar información e que non poden ser desbotadas. Debido a esta circunstancia, desde os primeiros contactos realizados pola Comisión de Igualdade para a localización de publicacións periódicas feministas, os esforzos céntranse naquelas que foron ou son editadas en Galicia e tamén son atendidas as propostas de acceso a revistas editadas no exterior. Amplíase información sobre as revistas no apartado 4.3.1 deste informe.

As publicacións periódicas feministas que na actualidade compoñen o fondo compilado pola Comisión de Igualdade do CCG proceden:

1. De doazóns voluntarias de diferentes persoas e entidades.
2. Do establecemento de convenios de doazón coas propias mulleres implicadas na creación de revistas.

No primeiro dos casos, as publicacións obtidas forman parte polo xeral de paquetes de materiais de diferente tipoloxía e o máis habitual é a obtención de números soltos. Tamén, con certa frecuencia, o conxunto de doazóns deste tipo permite ir completando colecciónsˢ[28]. Canto ao segundo grupo de procedencia, isto é, ás colecciónsˢ obtidas mediante convenios de doazón, estes foron establecidos coas revistas *Andaina. Revista galega de pensamento feminista* (en diante, neste informe, *Andaina*) en 2006 e *Festa da palabra silenciada* en 2007. Son as únicas revistas feministas galegas que desde a súa primeira aparición pública en 1983 continúan editándose. Nos convenios establécese a doazón dunha colección completa de cada unha destas revistas. Garántese a súa correcta conservación, a accesibilidade de consulta no CCG e a súa dixitalización e difusión. Ademais, desde a firma destes convenios, recíbense os novos números coa periodicidade habitual en que se publican: anual no caso de *Festa da palabra* e trimestral no caso de *Andaina*. Estes convenios servirán como base para a elaboración do modelo de doazón de publicacións periódicas proposto para a continuidade deste proxecto. Amplíase a información sobre as doazóns no apartado 4.2. Procedementos de adquisición de documentos.

Na posta en marcha de contactos para a obtención de información sobre os arquivos de grupos, colectivos e organizacións do Movemento Feminista (MF), o emprego das referencias e referentes da rede de relacións da Comisión de Igualdade do CCG ocupa un lugar destacado. As membros desta Comisión proporcionaron datos de mulleres que posiblemente conserven materiais a título persoal nos seus arquivos e, nos casos en que elas propias son as conservadoras, realizan polo xeral unha doazón voluntaria de materiais para o proxecto. A través dos contactos, compilouse tamén información nominal de bibliotecas, fundacións, organizacións políticas, sindicais, sociais e culturais, colectivos e grupos feministas autónomos e centros de documentación onde podía haber depositada documentación de interese para este proxecto. Unha vez obtidos estes datos, comezouse a avaliar cal debería ser a maneira máis axeitada de achegamento aos documentos e materiais. Realízanse as primeiras e rápidas prospeccións de carácter presencial en:

- *Fundación 10 de Marzo* (Fundación 10M), por contar cun depósito de materiais xerados pola organización Movemento Democrático da Muller Galega (MDMG) no seu tempo de actividade, desde 1976 ata finais desa década.
- *Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín*, por contar con depósitos de materiais procedentes de mulleres feministas como María Xosé Queizán ou Sabela Lahuerta, e de grupos e colectivos que xa non están en activo como a Asociación Galega da Muller de Vigo (AGM-V), a Asociación Democrática da Muller Galega (ADM-G), a Coordinadora Feminista de Vigo (CFV), o Movemento Democrático da Muller Galega ou a Coordinadora Feminista Donicela (CFD).
- *Arquivo central de Mulheres Nacionalistas Galegas* (MNG) e arquivo persoal de Luísa Ocampo Pereira, membro desta organización. MNG ten a súa orixe na década dos oitenta do século XX e continúa activa.

[28] Algunhas das publicacións obtidas por esta vía son: *Abrente. Boletín da Secretaría da Muller da INTG, A Saia. Boletín do Colectivo Feminista Independente Galego, Area. Revista de Mulheres Nacionalistas Galegas, Artemisia. Textos feministas, Deliberadamente, Dones en lluita, Lanbroa. Conspiración feminista, La mujer feminista. Revista de la Unión de Mujeres Feministas, Mujeres libertarias, Lectora, Opción. Revista de la mujer liberada, Poder y libertad, Sorginak, Vindicación feminista, Xiana. Revista de mujeres*.

– *No local central da organización política Inzar*[29], onde foran depositados gran parte dos fondos do arquivo da Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela (AGM-SC) por parte das súas compoñentes no momento en que cesan a súa actividade como tales, na segunda metade dos noventa, así como os restos do arquivo de Grupos de Mulleres da Universidade (GMU), antes depositados no local de estudantes da Facultade de Xeografía e Historia da USC e trasladados por Mariam Mariño Costales a esta instalación no ano 2001 por desexo expreso de dúas membros de GMU.

Desde 2000 o CCG ten establecido un acordo de intercambio de publicacións coa Fundación 10 de Marzo, localizada en Santiago de Compostela. Esta relación e esta situación interveñen na decisión da Comisión de Igualdade do CCG de levar a cabo un rexistro documental na sede desta fundación, situada no Polígono do Tambre. A información recollida no artigo titulado «As mulleres no arquivo histórico», publicado en 2004 na revista desta fundación[30], dá conta da existencia de fondos relacionados cos movementos sociais, en xeral, e coas organizacións, grupos e colectivos de mulleres, en concreto.

O rexistro foi aplicado ás nove caixas de cartón con formato AZ nas que foran depositadas as doazóns realizadas voluntariamente por mulleres relacionadas no pasado co MDMG. Tres das caixas contiñan a doazón de Mercedes Conde, outras catro a de Chefa Hermo, e os dous AZ restantes non contiñan sinais que permitisen identificar a procedencia da doazón. Amais disto, recíbese a información de que a Fundación estaba a desenvolver un proxecto de recuperación e memoria propio[31]. Isto facía doado prever que a curto e medio prazo se produciría un aumento dos fondos de interese para este proxecto depositados na Fundación 10 de Marzo.

Coas tarefas explicadas ata aquí configúrase unha pequena e diversificada mostra que permitiu deseñar as liñas de continuidade do proxecto a medio e longo prazo e extraer un conxunto de conclusións xerais sobre o estado dos arquivos consultados:

– Na totalidade dos casos, os arquivos visitados carecen dun rexistro que axilice a localización e identificación dos documentos de interese.
– Na maioría dos casos a documentación obxecto de interese está mesturada e desordenada.

Máis especificamente, no que atinxe aos fondos obxecto de interese depositados en arquivos de fundacións, entidades e centros de documentación, débese destacar que non se corresponden cun programa de recuperación planificado. A presenza de materiais responde a doazóns ou depósitos voluntarios de persoas concretas e grupos e colectivos que apareceron, e en moitas ocasións xa desapareceron, entre mediados da década dos sesenta e finais dos noventa do século XX.

A rede de contactos xerados e establecidos para a obtención de información sobre a localización dos documentos e materiais producidos por grupos e colectivos con actividade en Galicia ten moito que dicir no incremento do fondo de exemplares de publicacións periódicas feministas e no incremento do fondo documental e de materiais que, sobre todo a partir de 2008, dan forma á colección *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* activada no CCG pola súa Comisión de Igualdade.

---

29 Resultante da fusión do Movimento Comunista de Galiza e da organización galega Liga Comunista Revolucionaria.

30 *Deceme*, n.º 8. O artigo contén un dossier documental gráfico.

31 O proxecto ten os seguintes obxectivos: «1. Recuperar a memoria das mulleres que loitaron contra o franquismo nomeadamente daquelas que participaron na creación e desenvolvemento do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia (MDMG); 2. Localizar, recuperar e catalogar todo tipo de documentación (documentos escritos, prensa, carteis, testemuños orais…) xerada polo MDMG e que faga referencia a el; 3. Elaborar unha listaxe o máis completa posible de todas as mulleres que participaron no MDMG, co obxectivo de entrevistalas e recompilar unha colección de historias de vida, gravadas en soporte audiovisual, das protagonistas; 4. Publicar un libro que recolla a historia do MDMG» (Información extraída dun díptico publicitario da Fundación 10M).

3.2. CONSOLIDACIÓN DAS LIÑAS DE TRABALLO DO INFORME PARA A *RECUPERACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E MEMORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA ORGANIZADO EN GALICIA*. SEGUNDA FASE: 2008-2010

A partir do mes de xullo de 2008, unha serie de feitos determinan de forma concreta o desenvolvemento deste proxecto:

1. No mes de xullo de 2008, fírmase un convenio de colaboración entre o CCG e a Universidade da Coruña para a recuperación de documentación do Movemento Feminista Galego que terá continuidade en 2009.
2. En 2009, firmase un convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o CCG para a realización de prácticas do alumnado do Máster Oficial en Educación, Xénero e Igualdade.
3. Tamén en 2009, o CCG firma un convenio de doazón co Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín.

3.2.1. Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade da Coruña para recuperación de documentación do Movemento Feminista Galego

A firma do convenio de investigación entre a UDC e o CCG permite outorgarlle ao proxecto promovido polo CCG desde a súa Comisión de Igualdade unha maior entidade e ampliar a súa dimensión e perspectivas de execución. Ambas as institucións consideran conxuntamente a necesidade de levar adiante o proxecto, conscientes de que a recuperación da documentación do MFG é fundamental para o coñecemento do feminismo en Galicia e a participación das mulleres na historia de Galicia. A partir deste momento, a dirección do proxecto é asumida por Carmen Pérez Pais. Esta forma parte da Comisión de Igualdade do CCG, é profesora titular da UDC e, naquel momento, ocupaba o cargo de vicedecana da Facultade de Humanidades de Ferrol. A súa traxectoria e experiencia profesional, investigadora e docente en materia de información e documentación en xeral e, máis concretamente, en cuestións relacionadas coa recuperación da historia e da memoria de e sobre mulleres configuran un perfil axeitado para a tarefa.

Partindo da experiencia e das actividades desenvolvidas entre 2005 e 2008, e na liña da aplicación da teoría de redes activada polo proxecto, comezouse por elaborar unha proposta de traballo máis rigorosa, que dese continuidade ao xa feito e fose aplicable a curto, medio e longo prazo. Definíronse máis concretamente o obxecto de estudo, os obxectivos e as técnicas que aplicar.

3.2.1.1. Obxecto de estudo

A identificación de grupos e colectivos imbricados no Movemento Feminista Organizado de terceira onda en Galicia é fundamental para a definición do marco e a estruturación do proxecto. É importante coñecer as súas denominacións, ano de creación e ámbito de actividade, de forma que se poida planificar a recuperación dos seus documentos e materiais e sacalos do seu estado de colección oculta ou escondida[32]. Suponse que os máis antigos son os que precisan ser recuperados con maior urxencia. O paso do tempo contribúe á súa dispersión, degradación e desaparición. Isto levou a definir o obxecto de estudo delimitando o período 1968-1995; é dicir, nun primeiro momento establecéronse como obxecto de estudo os grupos, organizacións e colectivos feministas con actividade en Galicia no dito intervalo temporal. Axiña, a propia dinámica do proceso posto en marcha levou a des-

[32] Termo que se emprega para connotar o escaso acceso físico e intelectual que a miúdo presentan os materiais das colecciones especiais, feito que dificulta a súa localización, recuperación e uso. Non son obxecto de control ou non se difunden da maneira adecuada (Estivill, 2008).

botar a proposta inicial. Esta amósase como demasiado restritiva e os datos obrigan a abrir o abano. Interesan, pois, os grupos e colectivos feministas autónomos ou integrados en organizacións mixtas que desenvolveron ou desenvolven a súa actividade en Galicia desde a segunda metade do século XX ata a actualidade.

3.2.1.2. Obxectivos

a. Identificación dos distintos colectivos e grupos autónomos ou en organizacións mixtas que integran o Movemento Feminista Organizado en Galicia.
b. Identificación, localización e compilación de arquivos e materiais dos colectivos e grupos obxecto de interese e de mulleres implicadas e relacionadas con eles.
c. Elaboración de modelos relativos a diferentes tipos de directorios, bases de datos, entrevistas, protocolos de doazón… axustados ao proxecto e ao seu correcto desenvolvemento.
d. Presentación e xestión de propostas de compra, doazón e/ou dixitalización daqueles fondos singulares, únicos ou en perigo de extinción.
e. Xestión de propostas de merca de equipamento.

3.2.1.3. Técnicas

a. Emprego de bibliografía: libros e publicacións periódicas.
b. Uso de redes de contactos.
c. Realización de prospeccións e rexistros en arquivos dos propios grupos, de persoas relacionadas con eles e de institucións e entidades públicas e privadas que conten con fondos relacionados.
d. Deseño de entrevistas como fontes documentais.
e. Definición de enquisas.
f. Xestión de doazóns.

Tratábase, en definitiva, de dar continuidade ás tarefas descritas no apartado anterior ampliándoas para, así, dotar o proxecto de instrumentos adecuados para o seu desenvolvemento.

Incrementáronse os fondos documentais e de materiais da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, adquiríronse máis libros e publicacións periódicas, ampliouse a bibliografía consultada e realizáronse os baleirados de novos volumes. Tamén medrou a rede de contactos da Comisión de Igualdade do CCG.

A ampliación dos fondos da citada colección vincúlase cos pasos dados na aplicación e continuación da proposta e que acaban de ser definidos no punto anterior. Lévanse a cabo novas prospeccións vía telefónica, vía internet e/ou presenciais en: Fundación Penzol, local central de Inzar, Arquivo do Reino de Galicia, local da Central Intersindical de traballadores Galegos de Vigo (CIG-V), local de Comisións Obreiras de Vigo (CCOO-V), arquivo persoal de Luísa Ocampo Pereira en Vigo, arquivo persoal de Nanina Santos Castroviejo no lugar da Escravitude (concello de Padrón)[33]. Interesa, tamén, o arquivo persoal de María Xosé Queizán pola súa implicación con Feministas Independentes Galegas (FIGA). No contacto establecido con ela explica que depositara, había anos, o seu arquivo persoal na sede do grupo Alecrín e remite a Mónica Bar Cendón como depositaria do arquivo de FIGA. Contactouse tamén con Carmen Blanco, quen se amosou disposta a que se realizase un rexistro do arquivo que ela ten no seu domicilio en Lugo. Isto último e o contacto con Mónica Bar Cendón seguen na actualidade pendentes de levar a cabo.

Ademais, realizáronse as dúas primeiras entrevistas en profundidade a María Xesús Díaz Sánchez, falecida recentemente, e a Prudencia Santasmariñas Raposo. Isto permitiu pór a proba e corrixir o modelo de entrevista

[33] Concello situado preto de Santiago de Compostela.

para empregar no proxecto como fonte documental, así como aumentar os fondos da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* do CCG.

Realizáronse tamén rexistros pormenorizados de fondos no arquivo central de MNG en Santiago de Compostela, nos fondos de AGM-SC depositados no local central de Inzar en Santiago de Compostela, e no Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín en Vigo. No curso dos rexistros, as responsables dos fondos de interese apoiaron e facilitaron o desenvolvemento das tarefas. Implicáronse, ademais, na xestión da doazón dos seus fondos ao CCG para a colección. Iniciouse o proceso de traspaso de documentación do arquivo central de MNG en Santiago de Compostela e do arquivo de AGM-SC anteditos, mais o peche do Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín e a xestión, recepción e rexistro da doazón dos seus fondos documentais ao CCG centraron a actividade. Isto xerou unha imposibilidade material no tempo dispoñible para que as tarefas visen o seu remate e acordouse coas responsables dos arquivos de MNG-SC e AGM-SC que se completarían as doazóns o máis axiña posible.

Na sede do Grupo Alecrín en Vigo iniciouse un proceso de rexistro dos depósitos dos materiais dos grupos e colectivos obxecto de interese, que se deu por rematado no ano 2010 na sede do CCG en Raxoi. O punto 4.3. Tipoloxía documental amplía información sobre este feito. Na sede do grupo Alecrín tamén se levou a cabo un rexistro de dossieres de prensa recollidos e organizados polo propio grupo desde a súa creación. Isto último vincúlase co recollido no punto que segue.

3.2.2. Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega para a realización de prácticas do alumnado do Máster Oficial en Educación, Xénero e Igualdade

A firma deste convenio tivo lugar en 2009 e ten como obxecto o establecemento dunha colaboración entre o CCG e a USC de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado do Máster. O convenio permite que cada bienio un alumno ou alumna desenvolva un total de 250 horas de prácticas coa Comisión de Igualdade do CCG dirixidas por María Xosé Agra Romero, profesora no citado Máster. Dúas estudantes, Ana María Rodríguez Gallardo e Tereixa Novo Arrojo realizaron estas prácticas nos anos 2009 e 2011, respectivamente. Para a realización das prácticas era necesario que ambas adquirisen algunha información previa sobre as organizacións, grupos e colectivos obxecto de interese para este proxecto. Fixeron lecturas recomendadas e relacionadas co movemento feminista e fóronlles asignadas tarefas propias do tratamento, rexistro e ordenación de recortes de prensa.

En 2009, a tarefa consistiu en facer un baleirado dos dossieres de prensa que o grupo Alecrín fora elaborando desde a súa creación. A tarefa levouse a cabo nas dependencias deste centro pouco antes do seu peche definitivo. Tratábase de facer unha selección e fotocopiado das novas relacionadas con grupos e colectivos feministas galegos de terceira onda ata 1995. As 250 horas de prácticas eran insuficientes para a realización dun baleirado máis amplo, e déuselle prioridade á información máis antiga porque tiña menos probabilidades de se atopar en soportes dixitais e por resultar moi útil para a identificación de organizacións, colectivos e grupos e das súas actividades e accións públicas.

En 2011, a tarefa centrouse nos dossieres de prensa da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*. Unha práctica común por parte de todos os grupos, colectivos e organizacións obxecto de interese é a elaboración de dossieres de prensa nos que recollen información sobre temas concretos e, tamén, sobre si mesmos ou outras organizacións relacionadas. En consecuencia, as doazóns dos fondos destas organizacións á colección que nos ocupa conteñen un número importante de documentos procedentes de xornais e publicacións periódicas agrupados en dossieres temáticos. Para que estes fosen útiles tanto para o desenvolvemento

do proxecto como para a súa consulta por investigadoras e investigadores, debían pasar por un proceso de ordenación que contemplase, amais dos datos relativos aos xornais onde foran publicados, o nome da organización, colectivo ou grupo de procedencia e outros datos relativos ao seu agrupamento en dossieres. Aplicouse aos recortes de xornais o proceso de marcado deseñado para o conxunto da colección, do que se falará máis adiante. Logo, as novas foron agrupadas de acordo cos xornais dos que procedían e, para o seu arquivo, creáronse subcarpetas e carpetas individualizadas de cada unha destas publicacións periódicas (Ver Anexo 3. Xornais e siglas).

3.2.3. Convenio de doazón entre o Consello da Cultura Galega e o Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín

No marco da elaboración deste informe para a *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, Alecrín enténdese desde o principio do proxecto como un grupo susceptible de ser tido en conta como obxecto de estudo en si mesmo. O grupo Alecrín é unha organización feminista creada en Vigo no ano 1985 e disolta a mediados de 2009. No seu tempo de actividade, desenvolveu tarefas asistenciais e informativas dirixidas a mulleres e desde 1986 creou e xestionou un Centro de Documentación e Biblioteca especializado en mulleres, xénero e/ou feminismos na citada cidade. Este feito propiciou que algunhas das mulleres e organizacións, grupos e colectivos imbricados na emerxencia e desenvolvemento do feminismo de terceira onda en Galicia lle remitisen materiais propios co obxecto de que estes fosen conservados e puidesen ser empregados en investigacións. Alecrín custodiou estes materiais con gran respecto, mais outros proxectos e necesidades máis urxentes da organización impediron que puidese acometer traballos de catalogación e ordenación daqueles. Isto non impediu que diferentes investigadoras tivesen acceso á súa consulta.

Desde as primeiras prospeccións realizadas en 2006 pola Comisión de Igualdade do CCG no local do grupo Alecrín en Vigo, ambas as entidades constrúen unha relación de coñecemento e mutua confianza. Isto intervén na decisión tomada polas membros do grupo Alecrín cando a organización finaliza a súa actividade en 2009. Tras algunhas conversas e consideracións respecto ás liñas de traballo da Comisión de Igualdade do CCG, elas consideran oportuno o establecemento dun convenio de doazón polo que traspasan os fondos que foran depositados por mulleres, grupos e colectivos feministas á colección especial do CCG *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*. Para a formalización do convenio, as tarefas de ordenación, inventario, catalogación e clasificación destes fondos debían ser postas en marcha de inmediato. Para isto, estableceuse unha prestación de servizos entre o CCG, a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e o Departamento de Humanidades da UDC a través da súa profesora Carmen Pérez Pais.

A doazón transpórtase ás dependencias do CCG en Raxoi nas diferentes caixas de cartón nas que o grupo Alecrín tiña depositados os citados documentos e materiais. Polo contido nas caixas, podían diferenciarse facilmente:

1. Materiais producidos polo propio grupo Alecrín e tamén o recollido por elas ao longo dos anos.
2. Materiais de arquivos persoais depositados de forma voluntaria no local de Alecrín en Vigo por mulleres vinculadas a diferentes colectivos feministas organizados na citada cidade.
3. Arquivo depositado de forma voluntaria no local de Alecrín en Vigo pola Coordinadora Feminista Donicela en 2006, ano en que esta organización cesa a súa actividade como tal.
4. Materiais enviados de forma voluntaria ao local de Alecrín en Vigo pola Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela (AGM-SC) a mediados da década dos noventa do século XX, momento en que AGM-SC cesa a súa actividade como tal.

É de lamentar o feito de que os documentos que compoñen o segundo grupo de materiais carezan de sinais que permitan determinar en todos os casos cales foron entregados a Alecrín por esta ou aqueloutra muller concreta. Isto xera a perda desta fonte de datos sobre elas.

Unha vez recibidas as caixas, a Comisión de Igualdade comezou o traballo de descrición e ordenación de materiais, que sería rematado no mes de xullo de 2010. Atopámonos con:

I. Materiais e documentos de organizacións de mulleres e/ou feministas
   a. Grupos e colectivos feministas e/ou de mulleres en Galicia
   b. Grupos e colectivos feministas e/ou de mulleres noutros puntos do Estado español
   c. Grupos e colectivos feministas e/ou de mulleres en organizacións mixtas en Galicia e/ou no Estado
   d. Organizacións feministas e/ou de mulleres en América Central e América do Sur
II. Publicacións periódicas
III. Documentos de encontros, conferencias e xornadas
IV. Material publicado por diferentes institucións públicas
V. Dossieres de prensa

Para o rexistro e descrición dos materiais e documentos xerados polos grupos, organizacións e colectivos, elaboráronse un total de 64 fichas que corresponden a:

- 20 organizacións ou grupos feministas e/ou de mulleres con actividade en Galicia
- 30 organizacións feministas e/ou de mulleres con actividade noutros puntos do Estado español
- 12 organizacións feministas e/ou de mulleres en grupos mixtos
- 2 organizacións feministas e/ou de mulleres con actividade en América Central e América do Sur

Para o rexistro e catalogación de publicacións periódicas elaboráronse 32 fichas individualizadas que se corresponden con:

- 21 publicacións realizadas no Estado español
- 3 publicacións realizadas en Portugal
- 8 publicacións realizadas en diferentes lugares de América Central e América do Sur.

En todos os casos son números soltos. Algúns deles serven para completar as coleccións incompletas que xa formaban parte da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, outras abren novos campos de busca.

Moitos dos materiais recibidos están nun estado de conservación pésimo. Isto obriga a levar a cabo o que se podería denominar «primeiros auxilios»; isto é, accións de limpeza, desgrampado e illamento previas ao arquivado. Para isto último, ao comezo elaboráronse á man fundas e carpetas de papel neutro adecuadas e axustadas aos diferentes tipos de materiais; máis adiante, e por cuestión de axilidade, comezáronse a empregar sobres prefabricados de correo de diferentes tamaños.

Prestouse especial dedicación ás pancartas ou faixas recibidas. Debido ao estado en que se atopaban, precisouse asesoramento especializado. Contactouse con M.ª Lorena Rodríguez Rodríguez, conservadora e restauradora de bens culturais. Seguindo as súas recomendacións, iniciouse un proceso de ventilación, limpeza, reparación, alisado e empaquetado en papel neutro de trinta e cinco pezas orixinais realizadas en tea ou plástico. Aínda que polo de agora se teñen poucas referencias que permitan determinar de forma exacta a data concreta (día, mes e ano) na que foi creada cada unha destas pezas, pódese avanzar que na súa maioría foron producidas entre as décadas dos setenta e oitenta do século XX, mais tamén hai algunha da década dos noventa (Ver Anexo 4. Pancartas ou faixas).

3.3. CLASIFICACIÓN E ORDENACIÓN DA COLECCIÓN ESPECIAL *RECUPERACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E MEMORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA ORGANIZADO EN GALICIA*. TERCEIRA FASE: 2011-2012

Conforme o relatado ata o de agora, cómpre sinalar que a colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* se conforma grazas ás doazóns realizadas voluntaria e gratuitamente por persoas concretas e organizacións. É unha realidade que non pode ser perdida de vista, sen esas doazóns este proxecto non tomaría corpo.

En 2011, as doazóns acumuladas contan cunhas dimensións físicas e necesidades espaciais concretas sobre as que se facía preciso aplicar estratexias de conservación, ordenación e arquivo adecuadas. A posta en marcha das tarefas de tratamento documental debían conformarse como un proceso de centralización de recursos primarios necesarios para a investigación o máis rápido posible, porque para poder pór a disposición de investigadoras e investigadores os fondos é preciso contar con instrumentos que informen do alcance e contido dos documentos, e que doten a estes duns puntos de acceso que establezan as posibilidades reais de consulta e difusión (Pérez-Montes e Caso Neira, 2003).

As tarefas de «primeiros auxilios» son postas en marcha con celeridade. Empréganse as técnicas aplicadas e explicadas anteriormente na doazón do grupo Alecrín. Comézanse tamén as tarefas de rexistro dos materiais e documentos que compoñen as doazóns depositadas no CCG para o desenvolvemento do proxecto de *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*.

Tendo en conta que o obxecto de estudo que vertebra o proxecto consiste na identificación e apertura de posibilidades e vías de coñecemento e investigación sobre organizacións e mulleres protagonistas do movemento feminista, entendido este como unha rede de relacións que conseguiu acadar dimensións de alcance mundial, tomouse a decisión de organizar fisicamente o arquivo en función de grupos, colectivos e organizacións identificadas co feminismo, con actividade en Galicia, e federacións, coordinadoras e plataformas feministas de alcance estatal e/ou mundial ás que os ditos grupos, colectivos e organizacións se tivesen adherido. Con todo, segundo se analiza a documentación e materiais recibidos, pronto se pon de manifesto que a rede de relacións intercolectivas dos grupos e organizacións obxecto de interese non sempre e non só se circunscribe a agrupamentos directamente relacionados co feminismo. Outras organizacións, grupos, colectivos, entidades, institucións... de diferente carácter político, cultural e social teñen lugar nos arquivos e, polo tanto, tamén na rede de relacións central neste informe. Tómase entón a decisión de que os documentos e materiais emitidos por organizacións, grupos ou colectivos con presenza na colección, xa fosen producidos ou non por grupos e colectivos feministas, van ser arquivados en carpetas individualizadas, tubos e paquetes (Ver Anexo 5. Contedores). Actualmente, a listaxe das organizacións, grupos e colectivos con presenza na colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* é ben longa. Acada un total de 226 agrupamentos identificados e non co feminismo, e recóllese máis información sobre eles no apartado dedicado á identificación de organizacións, grupos e colectivos deste informe (Ver Anexo 6. Colectivos, grupos, organizacións e siglas). No que toca aos grupos, colectivos e organizacións obxecto de estudo, polo de agora e mentres non se analice de xeito máis detido a documentación e os materiais, conforman unha listaxe que comprende un total de 88 agrupamentos (Ver Anexo 7. Grupos, colectivos e organizacións obxecto de estudo).

O recoñecemento da fonte de procedencia das doazóns é relevante para a colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* en concreto e, tamén, para as investigacións en xeral, porque permite ter datos relativos á rede de relacións desenvolvidas por grupos, organizacións, colectivos e mulleres obxecto de estudo nas súas actividades. É por isto que todos os documentos e materiais da colección foron e son marcados a lapis cun sinal identificador que informa sobre a súa fonte de procedencia. Os ditos indicadores ou marcas son:

DOADOR	SIGNATURA
AGM depositada no local de Inzar	AGM-I
Alecrín	AL
Alecrín-doazóns da CFD	AL-CFD
Ana Romaní	AR
Andaina	A
Begoña Tajes	BT
Central Intersindical Galega-Vigo	CIG-V
Clara Martíns	CM
Encarna Otero	EO
Ester Mariño Costales	EM
Felicia Estévez Salazar	FE
Festa da palabra silenciada	FP
Fundación 10 de Marzo	10M
Fundación Galiza Sempre	FGS
Lourdes Díaz	LD
Luísa Ocampo Pereira	LO
María Dolores Cabrera	MdC
María Xesús Díaz	MxD
María Xosé Agra Romero	MxA
Mariam Mariño	MM
Milagros Becerra	MB
Mulheres Nacionalistas Galegas	MNG
Nanina Santos Castroviejo	NNN
Pascuala Campos de Michelena	PC
Pilar García Negro	PG
Prudencia Santasmariñas	PS
Uxío-Breogán Diéguez	UB

No que toca ao volume ocupado polos materiais que compoñen a colección, xerárase cos anos un problema de espazo. As doazóns fóranse acumulando nos armarios dunha oficina situada na sede do CCG en Raxoi. Os exemplares de libros adquiridos pola Comisión de Igualdade do CCG, as pancartas e outros materiais derivados das súas actividades localizábanse na biblioteca da institución. A situación era pouco idónea para a posta en práctica das tarefas deste proxecto. Para paliar esta deficiencia, o CCG, nos últimos meses do ano 2011, toma a decisión de trasladar a colección do proxecto xunto cos outros fondos da súa Comisión de Igualdade a unha oficina (n.º 5) localizada no edificio n.º 13 da rúa Galeras en Santiago de Compostela. Isto permitiu axilizar as tarefas de primeiros auxilios, marcado, rexistro e ordenación, das que se fala máis arriba. Este tipo de traballos prolónganse ata o primeiro trimestre de 2012, ao tempo que se inicia a redacción deste informe e toma corpo a planificación da actividade «Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do Movemento Feminista». Esta tivo lugar os días 26 e 27 de xuño de 2012 nas dependencias do CCG en Raxoi e trátase máis polo miúdo no apartado 5 deste informe.

Hoxe en día a colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* ocupa un total de 18 metros de baldas e dous caixóns de carpetas colgantes. Para gardar documentos e materiais empréganse, segundo as necesidades de volume, paquetes realizados á man, sobres, tubos e carpetas. Os paquetes conteñen pancartas ou faixas e suman un total de 35 unidades. Os tubos conteñen carteis e suman un total de 31 unidades. En canto

ás carpetas, conteñen documentación de grupos, organizacións e colectivos. Poden ser colgantes ou negras tipo AZ de 35 cm de longo por 24,5 cm de ancho e con lombos que oscilan entre os 7, 12 e 14 cm. As carpetas colgantes suman un total de 64 unidades. As carpetas negras tipo AZ suman un total de 24 unidades (Ver Anexo 5. Contedores). Máis adiante, recóllese información relacionada co tratamento aplicado ás publicacións periódicas e revistas feministas.

4. SOBRE OS RESULTADOS

Nesta parte do informe preséntanse, articulados nos grandes apartados implicados na organización documental, os resultados do desenvolvemento do proxecto Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia, acompañados de propostas e suxestións para o futuro.

Non se trata dunha exposición extensa nin detallada de cada un dos apartados propostos, o que se busca é expoñer as grandes liñas que hai que ter en conta para a continuidade do proxecto e a consolidación no futuro dunha colección tan especial como a que aquí se aborda.

4.1. IDENTIFICACIÓN DE ORGANIZACIÓNS E FONTES DOCUMENTAIS

4.1.1. Identificación de grupos, colectivos, organizacións e librarías de mulleres

Grupos, colectivos e organizacións

A identificación de grupos e colectivos implicados na dinámica do movemento feminista é fundamental no desenvolvemento do proxecto e constitúe, como se dixo, o seu obxecto de estudo. A través da bibliografía, das publicacións periódicas, en especial feministas, e da aplicación de procedementos de baleirado, conseguíronse algunhas referencias. Estas increméntanse notablemente por efecto práctico do uso da rede de contactos activados para a obtención de información pola Comisión de Igualdade do CCG e tamén polo propio proxecto de *Recuperación da documentación e memoria do MFOG.*

A medida que se vai obtendo información, elabóranse dúas listas nominais que recollen nomes e siglas das organizacións con presenza dentro da colección. Trátase de pegadas documentais que permiten dar conta da dimensión da rede de relacións das organizacións, grupos e colectivos centrais nestas páxinas. Unha das listas, a máis longa, recolle todas as referencias das organizacións, grupos e colectivos con actividade en Galicia e moitas outras do exterior, dun e doutro lado do Atlántico, non sempre directamente identificadas co feminismo, e, como xa se sinalou, reúne un total de 226 referencias (Ver anexo 6. Colectivos, grupos, organizacións e siglas). A segunda lista é unha selección do anterior e recolle referencias de grupos, colectivos e organizacións identificadas neste informe como obxecto de estudo. Na actualidade, recolle un total de 88 organizacións (Ver anexo 7. Grupos, colectivos e organizacións obxecto de estudo). A escaseza de datos sobre un número importante delas representa un auténtico reto para este proxecto en concreto e para a investigación en xeral.

As referencias e as siglas que compoñen ambas as listas vanse incrementando segundo se vai tendo acceso a máis información, o que leva a entender que non deben ser interpretadas como concluídas e definitivas. Haberán de quedar abertas a novos datos. Convén destacar que, dado o elevado número de agrupamentos con documentación e materiais dentro da colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, as listas das que se acaba de falar e, máis concretamente, a definición de siglas resultan unha ferramenta de grande utilidade ao permitir, entre outras cousas, axilizar os traballos de localización dentro da colección, descubrir diferentes formas de nomeamento ou fixar a evolución das siglas ao longo dos anos.

Librarías de mulleres

Un proxecto de recuperación da historia e memoria do Movemento Feminista non pode esquecer as librarías de mulleres. Antes da aparición de arquivos e bibliotecas especializadas, as librarías de mulleres convertéronse nos primeiros centros onde se podían atopar libros, documentos, bibliografía e información sobre muller, mulleres, feminismos e/ou xénero. Recórdese, por exemplo, o papel desempeñado pola Llibreria de les Dones de Barcelona ou pola Librería de Mujeres de Madrid. Ademais, estes establecementos foron e son espazos de encontro, debate, reunión e intercambio de información entre mulleres. O artigo de Lola Robles e Marisa Mediavilla titulado «Las librerías de mujeres en España» (2000)[34] ofrece interesante información neste sentido e constitúe unha importante referencia para posteriores estudos.

As autoras realizan unha investigación baseada en enquisas. Proporcionan referencias dun número importante de librarías que existiron e existen no Estado; e expoñen varios elementos de reflexión acerca do lugar ocupado polas librarías de mulleres no desenvolvemento do movemento feminista, aplicables ao estudo do caso galego. Extraen as seguintes conclusións respecto aos obxectivos polos que foron creadas (p. 59):

> a) Por una parte, cubrir un espacio vacío, dada la inexistencia de lugares donde se pudiera encontrar la información necesaria acerca de las mujeres. […]
>
> b) las librerías pretenden ser también —y es una de sus finalidades básicas, tanto como la oferta de libros— lugares de encuentro de mujeres y de los grupos feministas, y espacios para realizar todo tipo de actividades culturales: charlas, talleres, cursos, seminarios, presentaciones de libros y encuentros con sus autoras, exposiciones, concursos literarios... […]
>
> c) y siempre han sido asimismo centros de información donde las mujeres podían acudir a preguntar sobre los grupos feministas y sus actos, y, sobre todo en los primeros tiempos, incluso a buscar soluciones a problemas personales. […]
>
> d) para algunas de las mujeres que han llevado o llevan librerías especializadas, este trabajo es una forma de autoempleo gratificante, ya que parten de su interés por la materia que tratan. […]

No que toca a Galicia, o artigo recolle unha referencia nominal: Libraría María Balteira en Santiago de Compostela. A información de que dispoñemos na actualidade permite ampliar a listaxe ata completar un total de catro referencias: dúas en Vigo, xa pechadas, e dúas en Santiago de Compostela, en funcionamento:

a) Librarías desaparecidas
   - A CAIXA DE PANDORA
     Inaugurada: década dos noventa do século XX
     Enderezo: rúa Triunfo - Vigo
     Persoa de contacto: por determinar
   - HADES
     Apertura e actividade situada na primeira década do século XXI
     Fondos: Libraría especializada en temática gai, lésbica, queer e feminista
     Enderezo: rúa Real - Vigo
     Persoa de contacto: por determinar

[34] Como afirman as autoras, vinculadas coa Biblioteca de Mujeres de Madrid, o artigo foi o resultado da súa participación na mesa redonda «Selección de materias bibliográficas de Mujer. Las librerías especializadas» durante o *VI Encuentro de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres* realizado en Mérida do 7 ao 9 de outubro de 1999. Ver Robles e Mediavilla (2000).

b) Librarías actualmente en funcionamento
   - LIBRERÍA MARÍA BALTEIRA
     Inaugurada: década dos noventa do século XX
     Fondos: Literatura, pensamento, feminismos, arte e música
     Enderezo: rúa Nova de Abaixo, n.º 7. 15701 - Santiago de Compostela
     Teléfono: 981 553 715
     Correo electrónico: libreriademujeres@mbalteira.com
     Páxina web: http://www.acwebserver.com/mbalteira/dialogo.htm [Consulta: 31 maio 2012]
     Persoa de contacto: Mercedes Villegas
   - LILA DE LILITH
     Inaugurada: 21 de outubro de 2011
     Creada por «Lilith. Acción Social e Educativa, SL»
     Libraría especializada en temas de xénero e/ou feministas e igualdade con diversas actividades e lugar de encontro
     Enderezo: rúa Travesa, n.º 7. - Santiago de Compostela
     Teléfonos: 981 571 469/ 638 788 813
     Correo electrónico: liladelilith@gmail.com
     Páxina web: http://www.lilithaccionsocialeeducativa.blogspot.com.es/ [Consulta: 31 maio 2012]
     Presente en: Facebook, Twitter
     Persoas de contacto: Patricia Porto Paderne e Llerena Perozo Porteiro

Recoñecido o papel das librarías de mulleres no pasado e no presente, parece recomendable fixar tamén unha estratexia para a recuperación da memoria destas librarías e establecer relacións de colaboración coas que están operativas na actualidade, xa que poden ser unha excelente canle de comunicación e achegamento a un amplo abano de mulleres feministas.

4.1.2. Identificación de fontes bibliográficas e documentais

Outro paso que hai que contemplar na *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista en Galicia* é a busca e consulta de: fontes bibliográficas, documentais, arquivísticas e, inclusive, museolóxicas.

Fontes bibliográficas

Unha tarefa asumida dende o principio foi a busca de fontes bibliográficas: recompilación de obras sobre feminismo e MFOG así como baleirado doutras obras en que fose posible atopar información de interese para o tema. Esta pescuda continuará, apoiada cos baleirados que fai Dialnet ou cos que se realizan na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. Do «mergullo» nesas fontes extráense datos e referencias relevantes para o proxecto (Ver Anexo 1. Publicacións baleiradas).

Fontes documentais

Un dos obxectivos que definen as liñas mestras dos primeiros pasos dados céntrase na identificación e localización de materiais, arquivos e colecções documentais dos grupos e colectivos obxecto de interese. Para a obtención de referencias sobre este particular, a bibliografía consultada ofrece datos relevantes mais, como xa se indicou, é sobre todo a rede de contactos xerada pola propia dinámica do proxecto a que emerxe como unha especial fonte de información. Os datos obtidos remiten:

- Aos propios colectivos e grupos obxecto de interese e que están en activo
- A persoas concretas que conservan documentación a título persoal
- A organizacións culturais, políticas, sindicais e estudantís
- A fundacións con fondos documentais
- A bibliotecas e centros de documentación
- A arquivos da Administración

Unha vez obtida a información sobre persoas ou entidades concretas con fondos relacionados, é de interese ampliar a información respecto da existencia, custodia, conservación e contido dos fondos. Conseguir datos de contacto coas persoas ou entidades identificadas, como teléfonos e/ou enderezos electrónicos, é fundamental.

Trátase de levar a cabo unha primeira prospección sobre as características dos fondos arquivísticos relacionados e obter, cando menos, unhas notas xerais sobre eles e os materiais e documentos que custodian. Para isto proponse que, ben a través de correo electrónico ou ben a través de teléfono ou de forma persoal, se estableza un primeiro contacto coa persoa ou entidade de interese. Presentaranse as liñas xerais do proxecto, as razóns do contacto e solicitarase colaboración. Proporáselles que participen accedendo a cubrir unha breve enquisa que lles será remitida por correo electrónico (Ver Anexo 8. Enquisa fondos documentais de organizacións, grupos e colectivos feministas). Outro modelo de enquisa máis sinxelo foi deseñado para entregarlle ao público asistente na xornada *Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do Movemento Feminista*, realizada o 27 de xuño de 2012 na sede do CCG e da que se falará máis polo miúdo no apartado 5 deste informe (Ver Anexo 9. Enquisa fondos documentais do Movemento Feminista).

As preguntas que compoñen as enquisas permitirán obter datos e coñecer de forma directa e real información relacionada cos documentos e materiais que son importantes para o proxecto e útiles para as investigacións. Estaríase obtendo, así, unha documentación relevante para o desenvolvemento desta proposta.

Amais de proporcionar datos máis concretos sobre os materiais depositados nos arquivos e coleccións particulares de utilidade para investigadores e investigadoras que soliciten información, as prospeccións permitirán avaliar o estado de conservación no que se atopa a documentación obxecto de interese e, de ser o caso, elaborar propostas adecuadas como:

- fórmulas para a salvagarda da documentación
- fórmulas para adquisición, entrega en depósito ou doazón da documentación
- fórmulas de intercambio de documentación e información
- fórmulas de dixitalización e difusión a través da internet

4.2. PROCEDEMENTOS DE ADQUISICIÓN DE DOCUMENTOS

As fórmulas de adquisición de documentos que se poden contemplar para a colección especial *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* da Comisión de Igualdade do CCG son as habituais nunha biblioteca ou centro de documentación: compra, doazón, legado, depósito e intercambio. Descártanse os procedementos de ingreso de documentación propios dos arquivos da Administración ou de fondos bibliográficos nas bibliotecas pola normativa do depósito legal (DL).

En relación coas vías de adquisición desta colección, engádense as seguintes consideracións:

1) Compra

   Fundamentalmente trátase da adquisición de libros e revistas para apoio do traballo interno e uso por parte de investigadoras e investigadores. Aplícanse as normas do CCG no que se refire á merca de publicacións.

2) Doazóns
É un procedemento gratuíto de adquisición, constitúe a vía fundamental de ingreso da actual colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, sobre a que se incidirá de forma máis extensa. Tamén é unha vía de entrada de libros para o fondo bibliográfico da Comisión de Igualdade do CCG.
3) Legados
Os legados adoitan ser doazóns procedentes de testamentos. Están constituídos por arquivos ou bibliotecas particulares completos ou partes destes. Ao igual que outro tipo de doazóns, a aceptación dos legados esixe un estudo previo da colección doada e unha valoración das condicións fixadas no testamento. Na colección non hai ningún legado. Hai que sinalar que é unha fórmula pouco coñecida.
4) Depósitos
Consisten na entrega de material por parte dunha persoa, asociación, etcétera para a súa custodia e uso. A persoa ou entidade depositante mantén a propiedade. Polo momento na colección non hai ningún depósito.
5) Intercambio
Trátase do troco de duplicados de documentos. Xeralmente utilízase para completar coleccións de publicacións periódicas ou baleiros de títulos nas bibliotecas. Tamén se contempla o intercambio das publicacións do CCG coas doutras institucións ou organizacións.

4.2.1. As doazóns

A maioría dos fondos do arquivo da Comisión de Igualdade do CCG e que conforman a actual colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* proceden de doazóns de persoas e entidades que voluntariamente traspasan a custodia e permiten a difusión da documentación obxecto de interese. O proceso mediante o que se veñen materializado as citadas doazóns prodúcese de dúas formas:

A) A entidade ou persoa doadora comunícalle á Comisión de Igualdade a súa intención de facer entrega de materiais e/ou simultaneamente achega os documentos que decide doar[35].
Neste caso, recóllense os datos de contacto da persoa ou entidade que realiza a doazón. Cando a entrega de material é inmediata á súa notificación, fírmase un impreso de recepción. Posteriormente, realízase unha breve descrición da documentación doada e acórdase un segundo encontro coa persoa ou representante da entidade doadora para formalizar a entrega de documentación (Ver Anexo 10. Entrega materias doados e autorización de uso). Cando a entrega de materiais non é inmediata á súa notificación, realízase unha breve descrición dos materiais susceptibles de doazón e acórdase un segundo ou terceiro encontro para a recollida daqueles e a formalización da doazón.
B) A Comisión de Igualdade diríxese a persoas ou entidades posuidoras de documentación solicitando a doazón daquela para o proxecto de *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*[36].

[35] É o caso das doazóns realizadas por: María Xosé Agra Romero, Milagros Becerra, María Dolores Cabrera, Pascuala Campos de Michelena, Pilar García Negro, Ester Mariño Costales, Mariam Mariño Costales, Luísa Ocampo Pereira, Encarna Otero Cepeda, Ana Romaní Blanco e Begoña Tajes Marcote.

[36] É o caso das doazóns realizadas por: *Andaina. Revista do movemento feminista, Galicia / Revista de pensamento feminista, Festa da palabra silenciada* (a través da Concellaría da Muller do Concello de Vigo), Centro de Documentación e Biblioteca do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, CIG-Vigo, Fundación 10 de Marzo, AGM-SC, MNG-V, MNG-SC, Lourdes Díaz, María Xesús Díaz, Felicia Estévez Salazar, Prudencia Santasmariñas e Nanina Santos Castroviejo.

Neste caso, unha vez obtidos os datos da persoa ou entidade posuidora de documentación obxecto de interese, establécense unha serie de contactos. Nestes, preséntanse os obxectivos e finalidade do proxecto, pídese unha breve descrición e características dos materiais susceptibles de doazón. Se a doazón é factible, ábrese unha rolda de negociacións para o traspaso de documentos e as condicións en que debe ser realizado. Se a doazón non é factible, proponse a posibilidade de facer un inventario da documentación obxecto de interese (Ver Anexo 11. Autorización para inventario) e recóllese información sobre as posibilidades de consulta (referencias de contacto e horarios). Unha vez rematado este proceso, remitiráselle unha carta de agradecemento á persoa encargada dos fondos, firmada pola coordinadora da Comisión de Igualdade (Ver Anexo 12. Carta de agradecemento polo acceso á realización de inventario en arquivos externos).

Desta maneira, amais de establecer redes de intercambio de información, o arquivo contaría cun directorio de contactos, enderezos de interese e información de utilidade para investigadoras, investigadores e persoas interesadas na historia e memoria de grupos e colectivos do MF. Ademais, ábrese así a posibilidade de cotexar os documentos que xa forman parte da colección do CCG cos doutras coleccións de particulares e entidades, co que se obtén unha información documental máis completa. Por se nun prazo máis longo se chegase a considerar pertinente a centralización de documentación, é importante cotexar coas persoas ou entidades posuidoras de documentación a posibilidade futura da cesión temporal de materiais para o seu escaneamento (Ver Anexo 13. Autorización-cesión temporal de documentos).

Cando se produce a doazón e unha vez recibida a documentación, revisarase e comprobarase que o número de caixas, carpetas, paquetes e materiais recibidos coincide co comunicado previamente polas persoas ou entidades doadoras. Estes datos recolleranse nun documento que integre a relación de materiais recibidos.

En todos os casos descritos, é importante realizar unha valoración da documentación recibida ou ofrecida para evitar excesivas duplicidades ou entradas de materiais non relacionados coa colección. Naqueles casos en que no proceso de revisión se comprobe a existencia de documentación duplicada ou de nulo interese, apartarase para ser ofrecida a outros organismos interesados, extremo este que xa deberá estar pactado ou acordado previamente coa persoa ou institución doadora.

Unha vez finalizados os pasos descritos, remitirase á persoa ou entidade doadora tres copias do documento ou convenio de doazón xunto coa relación da documentación recibida. Este documento será elaborado segundo as directrices do CCG. O convenio de doazón conterá no momento do seu envío a firma do presidente / presidenta do CCG. A persoa ou a representante da entidade doadora firmará o documento remitido por triplicado e devolverá dúas copias firmadas pola vía que elixa:

- Correo ordinario á sede central do CCG para a Comisión de Igualdade:
  Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi 2º andar, Praza do Obradoiro s/n
  15705 Santiago de Compostela
- De forma presencial no rexistro do CCG para a Comisión de Igualdade.

Unha das copias pasará a formar parte do arquivo central do CCG, a outra será arquivada pola Comisión de Igualdade do CCG.

Unha vez concluído todo o proceso, remitiráselle unha carta de agradecemento á persoa ou entidade doadora firmada pola coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG (Ver Anexo 14. Carta agradecemento doazón).

Na actualidade, no CCG estase a abordar un proceso de normalización da documentación relativa ás formas de solicitude, doazón, cesión, préstamo, recepción, dixitalización de documentos, etc. dos diferentes arquivos que forman parte desta institución. Por iso, neste informe preséntase unha relación de tipos de documentos que deberán ser revisados no seu momento nese proceso de fusión.

Ademais dos procedementos mencionados de adquisición de documentos para a nosa colección, deberían de ser contemplados os seguintes:

- Cesión ou préstamo temporal de documentos para súa reprodución dixital (Ver Anexo 13. Autorización-cesión temporal de documentos).
- Sen ser unha vía de adquisición, hai que ter en conta a documentación coa que se poida enlazar a través da web (por exemplo, fundacións, repositorios, etc).

Así mesmo, hai que apuntar que é fundamental neste apartado estar ao tanto das normativas relativas ao patrimonio tanto do Estado como da comunidade autónoma, así como das pautas que está a elaborar a Sección de Patrimonio e Bens Culturais do propio CCG. Sería importante, tamén, non perder de vista a futura Lei do mecenado.

4.3. TIPOLOXÍA DOCUMENTAL[37]

A documentación do proxecto pódese entender como unha colección especial en que coinciden fondos propios de bibliotecas con fondos de arquivos e incluso de museos; unha colección en que se mesturan fondos de asociacións e institucións con documentos persoais, documentación de carácter administrativo con documentación interna. Os materiais preséntanse en diferentes soportes e formatos, e poden ser orixinais (manuscritos, mecanografados, impresos, dixitais), fotocopiados ou escaneados. Inclúese unha primeira relación que reflicte a súa variedade e interese:

- Actas de asembleas, congresos e reunións. Incorpórase toda a documentación relacionada coa súa preparación e desenvolvemento (propostas, relatorios, notas de prensa, recortes, etc.). Algunha desta documentación pode ser manuscrita.
- Artigos de prensa e revistas
- Boletíns de prensa do Instituto de la Mujer, de organismos similares da Xunta de Galicia e doutras administracións
- Bonos
- Calendarios
- Carteis (impresos, escaneados, enlaces, imaxes dixitalizadas)
- Circulares ou comunicados internos
- Correspondencia das asociacións (do propio colectivo, coa Administración, con outras asociacións) e correspondencia de mulleres feministas a título individual. Presenta o seguinte abano: manuscrita, mecanografada, correo electrónico, tarxeta postal.
- Dípticos, trípticos…
- Entrevistas realizadas a mulleres dentro do proxecto e outras reproducidas de particulares ou dos fondos de organizacións e institucións
- Estatutos de organizacións
- Expedientes informativos sobre diversas materias ordenados alfabeticamente
- Folla de firmas
- Folletos (sobre diferentes temas: aborto, sexualidade, violencia, guerra, etc.)
- Fotografías
- Gravacións de audio
- Gravacións de vídeo
- Láminas
- Letras de cancións

[37] Este capítulo terá que se revisar e actualizar en función dos documentos e obxectos que vaian configurando a colección. En particular, haberá que explorar na documentación de carácter administrativo.

- Libros
- Manifestos
- Pancartas ou faixas
- Panfletos
- Adhesivos ou autocolantes
- Películas
- Prensa (recortes)
- Programas
- Publicacións: boletíns, cadernos, revistas (impresas, escaneadas, en versión dixital)
- Regulamentos
- Obxectos:
  - Adhesivos ou colantes
  - Axendas
  - Cadernos
  - Calendarios
  - Cerámica (cinceiros, figuras…)
  - Chapas
  - Globos
  - Lapis
  - Marcapáxinas
  - Selos ou tampóns das organizacións
  - Téxtil (camisetas, lazos, paraugas)
  - Xoias (colares, pulseiras...)

Atópanse documentos xerados durante a actividade administrativa propia dunha organización ou asociación[38]:

- Certificados
- Notificacións
- Resolucións
- Acordos
- Solicitudes (por exemplo, permisos de asociación, manifestación, axudas, subvencións, etc. presentados ante o Ministerio do Interior, concellos, deputacións e outros)
- Denuncias
- Actas
- Alegacións
- Recursos

Parte desta documentación de carácter oficial debería atoparse nos arquivos das administracións correspondentes. Ademais, entre esa documentación, á parte da mencionada, estaría, por exemplo:

- Información da asociación:
  - Impresos de afiliación
- Administración económica
  - Contabilidade (facturas)
  - Subvencións

[38] Documentación relativa a propostas lexislativas, procesos xudiciais...

- Secretaría:
  - Axendas
  - Correspondencia
  - Enderezos e teléfonos
  - Expedientes de asuntos
  - Invitacións

Froito da revisión da documentación recibida e de cara a ter unha relación dos documentos de cada organización, traballouse nun posible agrupamento dos documentos baixo esta tripla perspectiva:

a) Documentos destinados a distribución pública.
b) Correspondencia e relacións cos medios de comunicación.
c) Documentación interna e de carácter administrativo.

Estes grupos de documentos responden á concepción do propio proxecto da *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* de ter unha visión analítica e global da documentación reunida. Na ficha de cada colectivo, grupo ou organización quedaría recollida a súa documentación neses tres grandes grupos, especificando para cada unidade unha serie de datos (título, data, número de exemplares) (Ver Anexo 15. Esquema de agrupación de documentos e materiais).

Na análise da documentación e na clasificación hai que contemplar tamén a documentación administrativa xerada pola Comisión de Igualdade en relación con este proxecto.

No que segue, fálase de forma máis extensa das revistas, dos carteis, das pancartas, dos recortes de prensa e das gravacións sonoras.

4.3.1. Revistas

Pártese do texto recollido do *Diccionario enciclopédico de Ciencias de la Documentación*. Este entende como revista:

> [...] la publicación periódica por excelencia, cuya periodicidad varía ampliamente —semanal, quincenal, mensual, bimensual, trimestral, semestral— pero siempre menor que las publicaciones seriadas. Las revistas suelen tener colaboración pluripersonal y una dirección personal o corporativa. Se dividen en tres amplios grupos: a) las científicas o especializadas, editadas por entidades o sociedades científicas, que son el medio preferente de difusión de la información científica; b) las que representan los intereses de una entidad o una asociación que las edita y reflejan prioritariamente la marcha y los objetivos de dichas empresas editoras; y c) las revistas de interés general, editadas por empresas comerciales y de periodicidad más corta que en las anteriores[39].

No termo «revista» inclúense tamén os boletíns. Empregarase co mesmo sentido a expresión «publicación periódica».

Este tipo de documentación compilada pola Comisión de Igualdade do CCG atópase fisicamente no apartado destinado ás revistas. Poderíase falar dunha primeira clasificación xeral entre revistas galegas e revistas publicadas no exterior.

[39] Cf. López Yepes (2004: vol 2, p. 413) e para ampliar información López Yepes (2004: vol. 1, «Boletín», p. 233; vol. 2, «Publicación periódica», p. 354 e «Publicación seriada», pp. 354-357).

O apartado «Revistas galegas» contén 13 títulos: *Abrente, Andaina, Area, Deliberadamente, Festa da palabra silenciada, Maria Soinha, A muller e a loita, Mullerío, As+perralheiras, A Saia, Xanela, Xénero humano* e *Xenia*. Estas publicacións son promovidas por colectivos feministas, organizacións políticas e sindicais e institucións, con datas de publicación que abarcan desde 1982 ata á actualidade (Ver Anexo 16. Revistas feministas e de mulleres. Galicia). No tocante á colección da que se está a falar, existen considerables diferenzas entre elas: títulos dos que se publicaron poucos números (por exemplo, *As+perralherias* ou A *Saia*) e dos que se reuniron algúns exemplares (pero non todos); colecciónns completas e xa pechadas de *Area* e *Deliberadamente*; e colecciónns completas de *Andaina* e *Festa da palabra silenciada*, das que se reciben os novos números coa periodicidade acostumada. Estas dúas últimas revistas na actualidade teñen presenza dixital en, respectivamente: http://www.andainamulleres.org/ e http://www.festadapalabrasilenciada.com/.

Lémbrese que o fondo das publicacións periódicas feministas da colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* procede maioritariamente da doazón voluntaria de persoas e organizacións. Neste momento, a situación das publicacións periódicas almacenadas é correcta. Os exemplares máis antigos están protexidos por carpetas de papel neutro individuais por número. Estas, pola súa vez, arquívanse dentro de caixas AZ. Outras máis recentes están en revisteiros ou son directamente depositadas en andeis cos lombos á vista. Sería óptimo dispor de contedores axustados ao formato dos exemplares[40].

Considerouse oportuno realizar unha busca non exhaustiva por título destas revistas en varios catálogos: Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC), Biblioteca da Universidade da Coruña (BUDC), Biblioteca da Universidade de Vigo (BUVIGO), Biblioteca Nacional de España (BNE), Rede de Bibliotecas de Galicia, que inclúe a Biblioteca de Galicia, as Bibliotecas Públicas Nodais e outras (Ver Anexo 16. Revistas feministas e de mulleres. Galicia). Isto permite facer unha primeira valoración:

- No seu conxunto, as publicacións periódicas feministas non se atopan en ningunha biblioteca.
- Obviamente é a BUSC polo seu carácter, orientación e localización en Santiago de Compostela a que presenta máis títulos.

En relación coas publicacións periódicas vinculadas coas organizacións feministas e de mulleres de fóra de Galicia que teñen as datas de publicación, van, neste caso, desde a década dos setenta do século XX ata a actualidade. Atendendo ao número de títulos que forman parte da colección, o primeiro lugar ocúpao Madrid, seguido de Barcelona, Andalucía e Euskadi; tres revistas proceden de Portugal; *Mujeres de Europa*, da Comisión das Comunidades Europeas; e cinco de América Central e América do Sur (Ver Anexo 17. Revistas feministas e de mulleres. Alén Galicia). Na maioría dos casos recíbense números soltos de revistas. *Vindicación feminista* (Barcelona) é a excepción. Recibiuse unha colección completa por doazón voluntaria.

A presenza destas revistas no proceso de recuperación da documentación do MFOG, que en principio se podería considerar secundaria, non o é tanto. En primeiro lugar, reflicte relacións entre distintos colectivos do Estado español, Portugal e outros países e estados, maioritariamente de América Central e América do Sur, e tamén de Europa. Realizada unha procura non exhaustiva, ponse de relevo unha representación bastante incompleta e fragmentada na BNE, nas bibliotecas públicas e nas bibliotecas universitarias españolas[41]. Unha investigación máis exhaustiva implicaría un longo percorrido polas bibliotecas da xeografía española para, así, ter o abano das revis-

[40] Unha empresa que ter en conta é Arte & memoria, coa que traballa a Biblioteca Nacional de España.
Arte & memoria, S.L.
R/ Industria, n.º 28
08551 Tona (Barcelona)
Teléf.: 93 812 53 78. Fax: 93 887 12 05. Enderezo electrónico: comercial@arteymemoria.com. Páxina web: www.arteymemoria.com.

[41] Neste sentido, a función das bibliotecas que reciben o depósito legal é fundamental para a identificación e o seguimento do cumprimento desta normativa.

tas dos grupos, colectivos e organizacións feministas e/ou de mulleres, tendo moi en conta os períodos en que non se realizou o DL. Esta tarefa é complicada e desborda os obxectivos do proxecto da Comisión de Igualdade.

A modo de aclaración, a busca das publicacións periódicas fíxose a partir dos títulos depositados no CCG e, pola súa vez, dos encabezamentos de materias dalgunhas das bibliotecas consultadas. Os máis empregados son: Mujeres-Galicia, Mulleres-Galicia, Mujeres-Galicia-Publicaciones periódicas, Feminismo-Publicaciones periódicas, Feminismo-Galicia. Agora ben, hai que ter presente que un gran número de revistas están encadradas exclusivamente en materias específicas como: Mulleres-Traballo ou Mulleres científicas. Neste punto, hai que recordar a progresiva implantación de encabezamentos de materia en galego, circunstancia que hai que ter en conta non só para a busca senón tamén polo feito de non coincidiren sempre os resultados cando esa consulta se efectúa en castelán ou en galego. Obviamente, esta afirmación é válida para a consulta de todo tipo de documentos. A modo de exemplo, a consulta realizada no catálogo completo da Rede de Bibliotecas de Galicia, o día 28 de maio de 2012, revelou os seguintes datos: Mulleres-Malos tratos: 88 resultados, mentres que Mujeres-Malos tratos: 81 resultados. Outro caso frecuente é a alteración dalgunha letra ou sílaba. Non se trata tanto de realizar unha crítica como de manifestar a necesidade de depuración dos procesos, a detección de erros humanos, a utilidade de establecer sistemas de control e axuda ás correccións por parte das propias usuarias e usuarios. Pero, sobre todo, mencionamos estas incidencias pensando no público, en xeral, e en investigadoras e investigadores, en particular. Dalgunha maneira, habería que advertir que, antes de desistir dalgunhas buscas, consulten os catálogos de distintas maneiras ou interroguen directamente a responsables dos servizos de información dos centros.

En conclusión, a busca de revistas feministas e/ou de mulleres supón un coñecemento da organización do sistema bibliotecario, da práctica do DL e da asignación de encabezamentos de materias segundo a temática e o tipo de documento.

4.3.2. Carteis

> En publicidad y en general, es un soporte en papel, tela, plástico, madera y cualquier otro material idóneo, con una superficie generalmente superior a los 80 x 120 cm, que recoge un mensaje comercial, político o religioso, y cuya exhibición se hace eventualmente en los lugares de más tránsito y que se ofrece sobre soportes colocados con este objeto o simplemente fijado en los muros o en otros resortes circunstanciales…[42].

Os carteis desempeñaron en décadas pasadas e desempeñan na actualidade unha función relevante. Os grupos, colectivos e organizacións que conforman o MFOG, igual que outras asociacións, empregaron e empregan tamén este tipo de soporte de publicidade e comunicación. Na colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* compílanse carteis de diferentes tamaños de organizacións, grupos, asociacións e colectivos que, como se dixo, proceden de doazóns. Lamentablemente, aínda non se puido realizar unha identificación básica de todos os carteis. Estes atópanse dentro de tubos que conteñen un número indeterminado deles. O óptimo neste caso sería dispor dos contedores axeitados para colocar os carteis estirados e sen dobreces.

Outros carteis con entrada por DL localízanse nos centros respectivos responsables; no caso de Galicia, nas bibliotecas públicas nodais (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e na Biblioteca de Galicia. Tamén hai carteis na Biblioteca Nacional de España. A súa identificación a través dos catálogos é máis difícil xa que depende de que fosen introducidos os datos, e require unha busca máis complexa en varios catálogos e utilizando distintos encabezamentos de materias. (Ver Anexo 18. Carteis).

[42] Cf. López Yepes (2004: vol. 1, p. 264).

Na Biblioteca Pública Nodal Miguel González Garcés da Coruña realizouse hai anos unha dixitalización de parte dos seus carteis. Entre eles atópanse tres que interesan para a documentación do MFOG. As outras bibliotecas públicas nodais ata agora non puideron realizar unha dixitalización específica de carteis; en calquera caso, hai que engadir que a experiencia da Biblioteca Pública Nodal da Coruña non foi plenamente positiva.

A Secretaría da Muller da Confederación Intersindical Galega (CIG) a finais de 2011 tivo a iniciativa de dixitalizar e colgar na rede documentos, carteis e trípticos. En concreto, están accesibles carteis desde 1983 ata a actualidade (cartel e tríptico dedicado a este último 8 de marzo de 2012). Pódese consultar *Avantar*, sección «Muller» e «Campañas»: http://www.galizacig.com/avantar/muller/campanhas.

A dixitalización dos carteis require prestar unha atención maior ao formato, á calidade da resolución da imaxe e da cor; ademais, debería implicar un tratamento documental tanto dos responsables dos carteis (materiais, intelectuais e artistas de ser o caso) como do contido que representan.

Non hai que esquecer que a identificación dos carteis require tamén a consulta de arquivos, centros de documentación e museos, nos que se reúnen cartelaría e materiais similares. Así mesmo, polo que se refire ao tratamento documental destes materiais, convén seguir o camiño dos museos e centros de arte. A consulta a mulleres implicadas no MFOG é fundamental e non pode ser perdida de vista. Isto último é aplicable a toda a documentación.

4.3.3. Pancartas ou faixas

> [...] Cartel de tela, papel, cartón, madera o plástico, etc., de grandes dimensiones, que se exhibe en manifestaciones o reuniones públicas con lemas, leyendas, expresiones o deseos colectivos, en general, escrito con grandes caracteres...[43].

Procedentes da doazón de Alecrín e, pola súa vez, dunha doazón da AGM-SC, a colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* do CCG conta con 35 pancartas, datadas entre os anos setenta e noventa (Ver Anexo 4. Pancartas ou faixas). Este grupo de materiais é outro dos puntos fortes da documentación compilada ata hoxe pola Comisión de Igualdade. Trátase de pezas de gran tamaño de tea ou plástico, polo xeral en bo estado, o cal debe ser salientado, precisamente polas dimensións e polos anos transcorridos.

Para unha primeira impresión visual pódese consultar o especial *8 de Marzo do Álbum de mulleres* na súa epígrafe Movemento Feminista Organizado en Galicia, Galería fotográfica, http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=207.

Realizada unha busca non exhaustiva, pódese aventurar con toda a prudencia necesaria que, lamentablemente, o número de pancartas de movementos sociais, sindicatos e organizacións políticas conservado é pequeno tanto nos arquivos da Administración como nos arquivos de organizacións políticas e sindicais. E, no caso de habelas, posiblemente no se procesasen[44]. Isto resalta o valor das pancartas reunidas pola Comisión de Igualdade na xa citada colección.

As consultas realizadas na Biblioteca Nacional de España e no Museo del Prado sobre dixitalización apuntan ao paso previo dunha boa toma fotográfica que permita reproducir as pancartas coa mellor resolución posible.

Canto á súa conservación no CCG, enténdese o seu empaquetado como unha opción intermedia. Igual ca no caso dos carteis, habería que considerar a posibilidade de adquirir contedores de grandes dimensións para gardar as pancartas.

---

[43] Cf. López Yepes (2004: vol. 2, p. 284).

[44] En conversa co responsable do Arquivo da Fundación Pablo Iglesias, sinálasenos a escasa presenza nas coleccións españolas de pancartas. Nesta Fundación conservan algunhas.

4.3.4. Recortes de prensa

Unha práctica habitual en organizacións, grupos e colectivos é a elaboración de dossieres con novas e artigos de prensa relacionados ou ben coas súas propias actividades ou ben con temas e cuestións de interese para as súas reflexións ou accións. Estes dossieres ou informes teñen un alto interese informativo e utilidade.

Como xa se indicou con anterioridade neste informe, os grupos e colectivos obxecto de interese para a nosa colección tamén puxeron en práctica este tipo de tarefas. En principio, pensouse en dar un tratamento documental profundo aos recortes de prensa e publicacións periódicas que compoñen os dossieres pero, á vista de certos problemas e, sobre todo, da progresiva dixitalización e mellora nos sistemas de recuperación da información, a tarefa quedou postergada. Con todo, deu pé á elaboración dunha ficha específica para recortes de prensa, recollida no anexo, que podería aplicarse no futuro. Nese caso, debería pasar por unha revisión (Ver Anexo 19. Ficha recortes prensa).

4.3.5. Gravacións sonoras

En relación cos fondos da documentación da colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, contémplanse tamén o coidado e a conservación de rexistros sonoros. Segundo as *Reglas de Catalogación Angloamericanas* (2003), enténdese por «gravación sonora»: «gravación en que as vibracións sonoras foron rexistradas por medios mecánicos ou eléctricos, de tal maneira que poida reproducirse o son». Pola súa banda, a Asociación Internacional de Arquivos Sonoros e Audiovisuais define a gravación sonora como: «fixación de todo tipo de sons dalgunha forma material permanente e que permiten ser escoitados, reproducidos e emitidos».

Na colección hai actualmente 13 gravacións sonoras. A maioría delas están en soporte casete[45], e sitúanse cronoloxicamente entre os anos oitenta e noventa do século XX. Nove foron realizadas pola AGM-SC e outras tres corresponden ás gravacións das entrevistas realizadas dentro do proxecto de *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* por membros da Comisión de Igualdade do CCG. O abano de contidos é diverso: gravacións de conferencias e coloquios, entrevistas, charlas… (Ver Anexo 20. Gravacións sonoras).

Sen dúbida, é un material de especial relevancia pola súa singularidade e carácter único. Por isto se considera que un obxectivo que debe estar presente no futuro desenvolvemento do proxecto é a identificación e recuperación de gravacións efectuadas por distintas persoas e colectivos no pasado, tanto as que se atopen en mans de particulares como as depositadas en institucións, agrupamentos ou entidades. Neste sentido, sería de interese, por exemplo, facer unha pescuda nas *Transcripciones de entrevistas realizadas a mujeres de la Comunidad Autónoma de Galicia*, depositadas no Centro Documental de la Memoria Histórica en Salamanca http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/fondoDetail.htm?id=1055270.

As apreciacións relativas ao coidado e conservación dos rexistros sonoros serán aplicables tamén ás gravacións que se obteñan mediante a realización de entrevistas individuais e colectivas deseñadas pola Comisión de Igualdade para o futuro da colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, das que se fala no punto que segue.

[45] «… Cartucho o contenedor, generalmente de plástico, que encierra una película o cinta magnética, para el registro y reproducción de la imagen o el sonido…». Cf. López Yepes (2004: vol. 1, p. 267).

4.4. ENTREVISTAS E FICHAS PARA BASES DE DATOS

Neste apartado abórdase o deseño de entrevistas, entendida a entrevista como unha fonte documental, e a elaboración de fichas para a creación de varias bases de datos e directorios.

4.4.1. A entrevista como fonte documental

A elaboración dunha entrevista en profundidade dirixida ás mulleres implicadas na dinámica de grupos e colectivos feministas articulados en Galicia desde a segunda metade do século XX, ben definida e entendida e usada como fonte de historia oral, perfílase como unha aplicación metodolóxica axeitada na recuperación da memoria e historia do MFG.

Cando faltan datos de achegamento ao pasado e para a recuperación da historia e a memoria recente, os testemuños orais emerxen como un instrumento especialmente útil e válido como fonte de documentación. Postas ao servizo da comunidade científica e investigadora, as entrevistas proporcionan unha ferramenta útil e eficaz que permite ampliar a base documental de interese para o estudo da dinámica social e cultural. A historia oral é unha técnica documental de carácter cualitativo moi empregada en pescudas de diferentes áreas de estudo e investigación científicas (antropoloxía, historia, socioloxía, filoloxía…). Baséase na memoria biográfica, en relatos de vida que serven para tomar contacto, ilustrar, comprender, inspirar hipóteses e, en xeral, para obter visións sistemáticas referidas a determinado grupo social (Pujadas, 1992). Trátase dunha técnica especialmente válida para obter datos e achegas ao estudo de recentes períodos históricos ou grupos sociais, para os que se carece doutras fontes fiables, e poden proporcionar novos enfoques ao tema tratado (Pujadas, 1992; Díaz e Gago, 2006). De forma concreta nos estudos de muller, mulleres, xénero e/ou feministas, o uso desta metodoloxía está presente desde os mesmos comezos e emerxe con frecuencia, coma no caso que nos ocupa, como un soporte ineludible nas investigacións. A súa eficacia aplicada é evidente cando son atendidos os resultados das pescudas e a crecente produción bibliográfica, audiovisual e webgráfica relacionada coa documentación, estudo, análise e coñecemento do lugar ocupado polas mulleres na historia e nos estudos de xénero e/ou feministas. Co uso deste método está sendo posible rescatar e coñecer unha parte importante de datos, co que se contribúe a evitar a ocultación secular das mulleres (Suárez, 2003).

Neste caso, os materiais atopados e arquivados resultan insuficientes á hora de documentar os colectivos e grupos obxecto de interese. Isto é así non só porque moitos deles xa desaparecesen, non se conservasen as súas producións en papel, non se dese localizado a totalidade da documentación existente e/ou porque parte da que foi recuperada precise ser datada ou completada. Hai que ter en conta, ademais, que son moitas as actividades máis e menos públicas levadas a cabo polas diferentes agrupacións que non foron recollidas por escrito; nin por elas propias nin polas publicacións periódicas coetáneas. Neste sentido, é importante procurar mecanismos de busca de información necesaria e fontes de documentación alternativas.

Como xa se indicou, a recollida de fontes orais aplicada á documentación como método histórico proporciona achegas para a comprensión do pasado e dos cambios a través de testemuños e recordos (Díaz e Gago, 2006). Isto convérteo nun método adecuado e aplicable ao caso tratado nestas páxinas. A memoria das mulleres que viviron e se implicaron en primeira persoa nos grupos e colectivos obxecto de interese perfílase como fonte de datos necesaria antes de que as protagonistas, por razóns biolóxicas e naturais, desaparezan, e como posible na medida en que elas decidan participar.

A través das entrevistas, as informantes fan pública a súa vivencia e os seus puntos de vista sobre a realidade que se quere documentar. Isto inflúe dunha maneira clara na fase previa á entrevista. Trátase dunha fase de negociación coa persoa que se vai entrevistar que ten que estar baseada nunha perspectiva contractual na que

queden especificados todos os extremos (Pujadas, 1992). A entrevista debe contar coa aprobación da entrevistada e ten que quedar claro que vai ser gravada en soporte audio ou audio-vídeo. Explícaselles o lugar ocupado polas súas entrevistas dentro do proxecto e a súa localización nun arquivo público para que poida ser consultada polos e polas investigadoras que así o requiran. Neste sentido, unha cuestión que hai que discutir e aclarar é a do anonimato; isto é, deben expresar se desexan ou non que se faga público o seu nome real, por un período de tempo determinado ou segundo a lexislación vixente. Todos estes termos deben ser formalizados. A autorización debe constar oralmente nas gravacións, preferiblemente ao comezo destas, e tamén en papel. Para isto último elaborouse o modelo de autorización formal de entrevista que se inclúe no anexo (Ver Anexo 21. Autorización formal de entrevista). Trátase dun documento normalizado en que as informantes acceden a ser entrevistadas e autorizan a conservación, consulta e difusión da entrevista.

A elaboración da entrevista abórdase, neste caso, como un proceso de deseño dun modelo sistematizado de relación de preguntas que ten como obxecto obter, recuperar e rexistrar as experiencias de vida e a memoria das mulleres que viviron e viven en primeira persoa a dinámica dos grupos e colectivos obxecto de interese, de maneira que estes datos debidamente cotexados poidan ser empregados como fonte documental. Ninguén mellor que elas mesmas para escribir a súa historia. Preténdese elaborar un cuestionario o suficientemente aberto como para atender as particularidades de cada unha, mais o suficientemente pechado para evitar a dispersión. As liñas xerais que compoñen a entrevista documental teñen como finalidade o deseño dun cadro xeral sistematizado que poida ser empregado como referencia en todos os casos (Pujadas, 1992). Pénsase, tamén, na posibilidade de desenvolver unha estratexia de traballo que combine a realización de entrevistas biográficas coa localización de arquivos persoais e/ou o tratamento documental de fontes incompletas existentes no arquivo.

As dúas entrevistas realizadas en 2008 a María Xesús Díaz Sánchez e a Prudencia Santasmariñas Raposo, xa mencionadas, permitiron pór a proba a primeira proposta de entrevista e proporcionaron materiais para a súa revisión. Isto levou a completar esa primeira proposta, que tivo como resultado o modelo de entrevista que se recolle no anexo (Ver Anexo 22. Guión-entrevista documental persoal).

Na entrevista recóllense preguntas de tipo persoal e outras relativas a todos os aspectos relevantes das organizacións, grupos e colectivos que documentar e á propia documentación do proxecto. Trátase de conseguir un esbozo xeral da biografía da entrevistada na súa relación coas organizacións, colectivos e grupos obxecto de interese e obter información sobre a produción de documentos e materiais destes. No caso de ser posuidoras de arquivos persoais propios, interesa saber cal é a súa postura en relación á posibilidade de compartilos co proxecto, ben como doazón, ben como préstamo para a súa dixitalización (Ver Anexo 13. Autorización-cesión temporal de documentos). No que toca ao tratamento documental, a entrevista vese tamén como unha fonte de recursos, unha vía que, nos casos pertinentes, pode permitir aclarar e completar as carencias e dúbidas xeradas arredor dos documentos e materiais que compoñen a colección *Recuperación da documentación e memoria do MFOG* do CCG. As carencias máis habituais nos documentos aos que se vai tendo acceso ao fío deste proxecto son:

a) Falta de datas concretas.
b) Falta de firmas ou indicacións que permitan discernir quen ou que grupos os elaboran.
c) Ausencia do lugar de edición.
d) Mal estado de conservación, coa conseguinte dificultade de lectura.

Estímase que a propia visión dos documentos pode contribuír a espertar a memoria da entrevistada e que estes poden desempeñar un papel relevante na obtención de datos.

Elabórase tamén un modelo de carta de agradecemento. Trátase dunha carta formal que se lles remitirá ás entrevistadas por vía postal unha vez rematada e revisada a gravación da entrevista. Nela, a coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG agradécelles a participación no proxecto da *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* (Ver Anexo 23. Carta agradecemento entrevista).

Ademais, fíxose unha ficha cos datos que deberían quedar no inventario - rexistro das entrevistas (Ver Anexo 24. Ficha rexistro entrevista).

Para concluír este apartado, queda pendente o tratamento das entrevistas colectivas e a preparación dunha enquisa para aquelas mulleres ás que non se poida entrevistar persoalmente (ben por vivir fóra de Galicia, ben polos escasos recursos humanos e económicos dispoñibles para facer un gran número de entrevistas orais), pero que si accederían a cubrir un formulario.

E, de cara á prolongación do proxecto da *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*, hai que pensar na identificación e localización de entrevistas xa realizadas en mans particulares e entrevistas que se atopan xa en arquivos e bibliotecas de asociacións de mulleres, da Administración e de organizacións políticas, sindicais, etcétera. Tratarías de incluílas no apartado de fontes e, se é posible, obter o permiso para realizar unha copia e poñela a disposición da investigación.

4.4.2. Fichas para directorios e bases de datos

Son catro os modelos de fichas elaborados. Constitúen valiosos instrumentos para a creación de directorios e bases de datos axustados ao noso proxecto. Son, ademais, unha ferramenta de grande utilidade para a recollida de información, ordenación e consulta da colección que se vai configurando ao fío do desenvolvemento do proxecto:

1. Ficha directorio mulleres
   Trátase de crear un directorio activo de mulleres implicadas en grupos, colectivos e organizacións feministas en Galicia.
   (Ver Anexo 25. Ficha directorio de mulleres feministas)
2. Ficha dossier (informe/expediente) mulleres
   Está destinada a recoller datos de mulleres implicadas en organizacións feministas no presente e/ou no pasado. Componse de campos en que se recollen:
   a. Datos persoais
   b. Datos das organizacións ás que se vincula e tipo de vínculos
   c. Datos relativos aos documentos da organización e posibilidades de acceso
   d. De se produciren, datos relativos á súa participación no proxecto como entrevistadas
   (Ver Anexo 26. Modelo ficha dossier mulleres)
3. Ficha directorio de organizacións
   Nesta ficha recolleranse os datos das organizacións, grupos e colectivos feministas obxecto de interese. Os campos que a compoñen recollen:
   a. Datos nominais e de influencia das organizacións
   b. Datos de mulleres que participan e/ou participaron neles
   c. Referencias de vínculos intercolectivos
   d. Datos relativos á localización de arquivos das propias organizacións
   e. Datos relativos á localización de arquivos que conteñan producións das organizacións
   (Ver Anexo 27. Ficha directorio de organizacións)
4. Ficha directorio de institucións documentais
   (Ver Anexo 28. Ficha directorio institucións documentais)

5. SOBRE XÉNERO E DOCUMENTACIÓN II: A RECUPERACIÓN DA MEMORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA

Co título *Xénero e documentación II: A recuperación da memoria do Movemento Feminista*, a Comisión de Igualdade do CCG deu corpo, en dous días consecutivos do mes de xuño de 2012, a dúas xornadas de actividades diferentes e complementarias:

- Día 26 de xuño. Xornada de traballo. Unha reunión de carácter restrinxido ou pechado e destinada a avaliar un primeiro avance do informe para a *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*.
- Día 27 de xuño. Xornada pública dirixida ás persoas vinculadas con arquivos, centros de documentación e bibliotecas e a todas as persoas que de maneira individual ou colectiva teñan interese no tratamento, recuperación, conservación, posta en valor e difusión de documentación e materiais producidos por organizacións, grupos e colectivos autónomos ou que fan parte de agrupacións mixtas, identificadas co feminismo.

Para realizar ambas as actividades era preciso localizar especialistas que traballasen coa documentación e memoria de mulleres e de grupos, colectivos e organizacións imbricadas na rede de relacións do movemento feminista desde mediados de século XX e que aceptasen traballar coa Comisión de Igualdade do CCG nas dúas vertentes propostas. A tarefa iníciase a comezos do ano 2012 e prolóngase ata o mes de abril. Interesaba contar con olladas expertas que desde diferentes ópticas permitisen:

- Propiciar debates adecuados.
- Intercambiar iniciativas e experiencias.
- Avaliar, corrixir e mellorar adecuadamente a proposta desenvolvida pola Comisión de Igualdade.
- Incentivar a sensibilidade entre diferentes sectores e colectivos sobre a importancia de recuperar este importante patrimonio material e inmaterial.
- Abrir canles de cooperación e colaboración.

A pescuda non foi doada. Permitiu revelar que, tanto en Galicia como no exterior, son moi poucas as organizacións, institucións ou entidades que se ocupan en tarefas semellantes á posta en marcha no CCG coa colección especial *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*. Tamén permitiu dar conta da existencia de proxectos similares de gran calidade, e propiciou a colaboración de María José Turrión García[46], María José Sola Sarabia[47] e Rosa María Andrieu Sanz[48].

---

[46] Licenciada en Xeografía e Historia e en Historia Medieval. Máster en Arquitectura e Deseño Interior pola Universidad de Salamanca. Pertence ao corpo facultativo de Arquivos, Bibliotecas e Museos. Foi responsable da Biblioteca da Sección Guerra Civil do Archivo Histórico Nacional; xefe de sección de Archivos; subdirectora do Archivo General de la Guerra Civil Española e directora do Centro Documental de la Memoria Histórica en Salamanca. Codirixe os cursos anuais «Memoria de Mujer», organizados polo Centro Documental de la Memoria e a Universidad de Salamanca.

[47] Licenciada en Ciencias da Información pola Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV/EHU) e Máster Universitario en Biblioteconomía e Documentación na mesma universidade. Desde o ano 2005 é responsable e documentalista do Centro de Documentación de Mujeres «Maite Albiz» de Bilbo, compaxinando a militancia feminista na Asamblea de Mujeres de Bizkaia coa formación académica e profesional. Pertence tamén á Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres do Estado español.

[48] Licenciada en Socioloxía (Antropoloxía) pola Universidad Complutense de Madrid (1983). Profesora colaboradora permanente na UPV/EHU, no Departamento de Filosofía dos Valores e Antropoloxía Social (Área de coñecemento: Antropoloxía Social). Profesora do «Máster en Igualdad de Mujeres y Hombres» da UPV/EHU (Módulo I «Conocimiento Teórico Feminista», lección: «Antropología de las relaciones sociales entre los sexos») nos bienios 2005/07, 2007/09 e 2009/10. Tamén é membro fundadora de Bilgune Feminista, e participou en grupos de investigación e varias publicacións

As tres desenvolveron ao longo da súa vida importantes traxectorias e traballos relacionados coas cuestións propostas pola Comisión de Igualdade do CCG nestas xornadas.

Os obxectivos dos encontros debían ser cumpridos, queríanse evitar posibles dispersións e combinar adecuadamente a todas as implicadas no núcleo de traballo das dúas vertentes propostas. Con esta finalidade, elaborouse un documento con información sobre obxectivos e tarefas para desenvolver nos dous días de encontro que foi remitido tanto ás relatoras das que se vén de falar como ás tres membros do CCG: Rosario Álvarez Blanco (vicepresidenta), Concepción Varela Orol (Sección de Patrimonio e Bens Culturais) e María Xosé Agra Romero (Sección de Pensamento e Sociedade e Comisión de Igualdade) (Ver Anexo 29. Documento de traballo). Estas tres mulleres, amais de participar, desde as súas respectivas especialidades, no proceso avaliativo do *Avance do Informe para a Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, asumiron o rol de presentadoras na xornada pública do día 27 de xuño.

A comezos de maio, contando coas achegas e comentarios de todas as participantes dos encontros sobre as liñas de actividade propostas no documento de traballo, o programa da actividade acada a súa forma definitiva (Ver Anexo 30. Programa das xornadas). No punto que segue detállase máis información sobre os dous días de encontros. É importante destacar que o presente informe é unha versión final do avance presentado os días 26 e 27 de xuño, no cal se integran as achegas e comentarios das expertas convidadas de dentro e fóra do CCG, as intervencións das e dos asistentes á xornada pública e as conclusións extraídas desta.

5.1. SOBRE A REUNIÓN DE TRABALLO

Seguindo o programa previsto, o día 26 de xuño tivo lugar o encontro de traballo no que participaron:

- As tres convidadas externas ao CCG: María José Turrión García, María José Sola Sarabia e Rosa María Andrieu Sanz
- As tres membros do CCG convidadas: Rosario Álvarez Blanco, Concepción Varela Orol e María Xosé Agra Romero
- As dúas coordinadoras das xornadas: Carmen Pérez Pais e Mariam Mariño Costales

O obxectivo deste encontro obrigaba a centrar a atención na posta en común de lecturas críticas e propostas de mellora do *Avance do Informe para a Recuperación da documentación e memoria do MFOG* realizado polas coordinadoras das xornadas. O envío do documento, cunha semana de antelación, a todas as participantes así como o encontro e comida previos á reunión realizada na biblioteca do CCG contribuíron a axilizar a proposta e permitiron comezar o debate sen apenas preámbulos.

Pódese sinalar que a avaliación realizada polas especialistas convidadas foi unánime. Todas coincidiron ao afirmar que o documento presentado posuía unha alta calidade. Recibíronse parabéns pola forma en que foi abordado e desenvolvido o proxecto *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*, promovido pola Comisión de Igualdade do CCG, e tamén pola redacción do propio informe.

No que toca ás propostas de mellora, tendo en conta a contemporaneidade dos fondos tratados, as conversas centráronse na importancia de prestar especial atención:

- Á cesión de dereitos de explotación.
- Ás diferenzas entre accesibilidade e dispoñibilidade e os límites de ambas.
- Ao interese por abrir diferentes posibilidades relativas á consulta de materiais.
- Á necesidade de ter en conta a privacidade das persoas.
- Á conveniencia de atender a privacidade de materiais: cales poden estar ou non accesibles ao público.
- Ás particulares características xeradas á hora de traballar con materiais sen autoría concreta ou con autoría colectiva.

Dun xeito xeral, conclúese o encontro coa formulación dos seguintes puntos:

- Cumprimento da normativa vixente en relación á propiedade intelectual e á Lei de protección de datos.
- Apoio pleno a unha política de acceso aberto sempre que non interfira con outros dereitos recoñecidos.
- Aplicación de normas e pautas internacionais empregadas no eido da biblioteconomía, a arquivística e a documentación (normas ISO, ISAD, etc.).

5.2. SOBRE A XORNADA PÚBLICA

Na difusión previa á realización da xornada *Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do Movemento Feminista* do día 27 de xuño, e seguindo coa liña de traballo aplicada á organización deste tipo de eventos, na web do CCG habilitouse un espazo destinado a acoller as inscricións daquelas persoas que desexasen acudir como asistentes á convocatoria proposta pola Comisión de Igualdade da institución. Desde o primeiro día, o incremento de inscricións foi constante ata acadar como cifra final un total de 94 matrículas. Destas, 90 correspóndense con mulleres e 4 con homes. Trátase de persoas vinculadas a:

- Arquivos, bibliotecas e centros de documentación: traballadoras, estudantes e desempregadas.
- Colectivos, organizacións e grupos do Movemento Feminista Organizado en Galicia na actualidade e no pasado.
- Investigación nas tres universidades galegas e na Universitat Autònoma de Barcelona.
- Ensino universitario e en institutos.
- Tarefas domésticas.
- Fundacións.
- Museos.
- Eido audiovisual.
- Unidades de Igualdade das tres universidades galegas.
- Observatorios de Igualdade de entidades municipais.
- Traballos técnicos de Igualdade.
- Oficinas de xénero.

O elevado número de matrículas e de asistentes á xornada puxo de manifesto que o nivel de interese que espertan os fondos, arquivos e materiais producidos no pasado e no presente por grupos, colectivos e organizacións do movemento feminista é moi alto. Sobre todo e maioritariamente, preocúpalles a mulleres de diferentes idades (entre 25 e 60 anos aproximadamente) e vinculadas a diversos ámbitos de ocupación.

Canto ao nivel de participación nos debates posteriores a cada unha das intervencións das relatoras, foi alto por parte do público asistente. Sucedéronse os parabéns á proposta de xornadas articulada pola Comisión de Igualdade do CCG. Tamén, houbo preguntas e comentarios por parte de especialistas nas diferentes cuestións suscitadas que influíron positivamente nas reflexións e, mesmo, xurdiron propostas de colaboración no proxecto *Recuperación da documentación e memoria do MFOG*.

Hai que destacar que, para a sesión da tarde da xornada do día 27, os obxectivos eran:

